



asociación de escritores  en lingua galega

As escritoras na súa terra / Homenaxe a Pura e Dora Uzáquez

Escrita Contemporánea



As escritoras
na súa terra



Homenaxe a
Pura e Dora Uzáquez

*As escritoras
na súa terra*

HOMENAXE A

Pura e Dora Vázquez

© Asociación de Escritores en Lingua Galega
© Fotografías: Héctor Fernández (Olo de vidro-A.C. Alexandre Bóveda)
Depósito legal: VG-1293-2005
ISSN 1989-7340
Impresión: Alfer Industria Gráfica
Estrada de Peinador a Puxeiros - 36417 Mos



*As escritoras
na súa terra*

HOMENAXE A

Pura e Dora Vázquez

Ourense, 25 de xuño de 2005

Bo día, querida Pura e queridos amigos e amigas:

Á beira deste pequeno río Barbaña que foi tan mancado, no seu ser máis puro, que vén dos montes de Maceda, e rega o val da Rabeda e ten por afluente o Muíños antes de el ir para o Miño, chantamos a Pedra das Poetas e dámoslle nome á Fervenza das Poetas.

Á beira do río que recibía cantos amorosos no Tío Marcos da Portela, na voz de escritores como Pérez Placer, *“Aquel meigo río que baixa bicando as ortas”*. *“O río que esvaraba baixo as tapias da horta que rodea a casa onde fun nado é o Barbaña, río cheo de meiguices”*, *“sobrisado de toldos rumorosos, perfumado de flores campesiñas que medran nas ribeiras, abondoso de remansos cristalinos que deixan ver a fina area do leito”* *“arroupado de madresevas, silvardas, cabrifollos, ameneiros, abelaneiras”* e agora cos fermosos camelios, que plantamos para as poetas.

Dámoslles o bo día e a benvida.

*Cesáreo Sánchez Iglesias**

* Palabras dirixidas ao público congregado no Parque do Barbaña e no que se procedeu á plantación das árbores das escritoras (dous camelios), ao descubrimento dunha Pedra Escultórica gravada con dous poemas das escritoras home-naxeadas e á inauguración da Fervenza das Poetas.

O Escritor na súa terra

Bon día.

Na miña aldea ensináronme que de ben nacidos é ser agradecidos: permitídemme que comece agradecendo a presenza de todos os aquí reunidos, a colaboración do Concello e moi en particular das Concellarías de Cultura, Urbanismo, Parques e Xardíns e dos seus funcionarios e traballadores, pois sen eles nada tería sido posible. Agradecemento moi especial merece pola miña parte Xabier Paz, sen cuxas indicacións, consellos e guía, non sabería nin por onde comezar.

Dito isto, pedirei ás musas a inspiración suficiente para non aburrirvos en exceso.

E xa que falamos de musas, lembremos aos antigos gregos, que bautizaron esta terra como *“kallaikoí”*. O país das pedras. Hai once anos, a AELG comezou a erguer pedras fitas. A pedra é un símbolo da memoria, daquilo que debemos recordar. E hoxe chantamos esta pedra aquí para lembrar dúas vidas entregadas á palabra, a esa celebración da vida en que consiste a literatura. Celebramos a continuación de Safo nas persoas de Pura e Dora, porque como dixo aquel poeta,

*“Tal vez o olvido pode criar o humus que alimenta a vida
Pero o meu prato é outro, o meu alimento é distinto”*

A poesía que naceu do gozo da vida, este río efémero que nos atravesa, esmigallándonos, diluíndonos, pero tamén alegrándonos, colmándonos de dons coma espigas, de amor e lume co que mantermos a esperanza nos tempos difíciles. Celebramos, na mestura de aire e terra posta ao lume que é esta pedra, a coraxe de vivir entregándonos os versos que nos devolven a claridade da vida cando todo ao redor é desesperanza e desasosego, inquedaanza e temor.

“Kallaikoí”: o país das pedras. Pero as pedras non fan un país. O país naceu dos *“Call-leach-i”*, os fillos da nai terra. Nós, os fillos da terra, estamos aquí para ver medrar as árbores, somos os pacientes vástagos que sementan, entre os dedos rosados da aurora, a crenza pétrea de que

*Galicia pode ser outra cousa
Porque o home pode ser outra cousa*

O noso prato é outro, nós non nacemos para roer olvido: bebemos na fonte da esperanza, para escribir no mar a “*crystal transparencia / o embriago do lume*” para “*tocar a rocha ardente e o negro mar das tercas teimosías*” e pedimos para o “*efémero caudal da nosa vida, sangue de flores*”.

Sabemos, porque así nolo ensinastes, que “*non doe a luz... Doe a pisada herba... As feridas cravadas nunha carne que enfría*”.

Para celebrar a vida, bebemos versos con sede vella. Por iso plantamos as árbores da esperanza ao carón da fonte, por iso erguemos pedras na auga que, desde hoxe, vos celebra. Auga, aire, lume... Terra. Os catro elementos nos que habitan os soños. Grazas por ensinarnos todo isto, mestras.

*Xerardo Méndez**

Vogal do Consello Directivo da AELG

* Palabras dirixidas no Parque do Barbaña aos asistentes á Homenaxe “As escritoras na súa Terra”

Pura e Dora Vázquez

Celebramos hoxe a dúas poetas da xeración do 36 que foron pioneiras no cultivo da literatura de posguerra. Unha guerra que viviron con dor, padecendo a inxustiza, a persecución e a fame. O seu pai, socialista, foi detido e pasou tres anos na Guarda, nunha das reclusións máis duras e máis perigosas das coñecidas, onde foron detidos e fusilados moitos republicanos asturianos. O noivo de Pura tamén morreu na guerra. A nostalxia dese amor invade a súa poesía. A fame, que Pura confesa ter padecido, aflora tamén nos seus poemas.

Homenaxeamos hoxe a dúas irmás unidas pola infancia na aldea, no Outeiro, desde onde se divisa Ourense, pola familia, polas lembranzas, polos estudos, pola profesión de mestras, polas palabras, pola escrita e polo amor á natureza.

Comezan de nenas a interesarse pola literatura. Pura escribirá precozmente nos xornais ourensáns, en *La Zarpa* e *Galicia*, e ao longo da súa vida estará presente nos xornais de Galiza, España e Venezuela, onde pasou algúns anos da súa vida. Foi das primeiras voces poéticas nos anos en que a literatura galega comeza, lenta e timidamente, a aflorar entre os terrores da ditadura franquista. En 1942, un libro bilingüe, no 1952, *Íntimas*, ao que seguen *Maturidade*, *A Saudade*, etc.

Tamén cultivaron o conto e o teatro infantil, como unha prolongación da súa dedicación profesional á infancia.

Escriben, como mulleres do seu tempo, desvelando o seu interior, o seu desacougo, o amor e desamor, a angustia existencial. Escriben sobre o íntimo, o mundo privado onde foran recluídas as mulleres da súa xeración. Foi o único mundo que lles permitiron. E elas fano con autenticidade, como se fose natural, como se lles brotase do propio corpo, mesmo con sangue, como confesa Rosalía: “*Mollo na propia sangue a dura pruma, rompendo a vena hinchada, e escribo*”. Así lles xorde esa poesía na que expresan a paixón, a forza telúrica, a relación case panteísta coa natureza, o amor pola palabra que guiará as súas vidas, empregando un léxico rico, enxebre, espontáneo.

Pura emprega un léxico culto, variadísimo, novidoso, cunha naturalidade que diríamos que lle xorde como o chafariz dos sentimentos. E con ardor, nunha poesía na que incluso o mar ten lume e a calor ten ritmo.

Dora recrea o mundo tradicional galego, o costumismo, a loubanza da aldea e tamén o amor á súa irmá nun libro titulado así, *Irmá, poemas da ausencia*, un libro sobre a Sororidade, un tema a penas tratado na nosa literatura, escrito cando Pura estaba en Venezuela, ausencia que Dora non acepta, que sabe que é dolorosa para ambas, na súa reciprocidade amorosa, e agarda que chegue o momento no que “*ledosamente porémonos as dúas a devanar no fuxidío corazón das horas*”. E así, levan anos envellecendo xuntas e cultivando palabras como rosas.

Foi nos anos 80, nos que Pura retornou definitivamente a Galiza, cando as coñecín. Pura facilitoume toda a súa obra, incluída a poesía en castelán, onde é, sen dúbida, unha voz poética fundamental da súa xeración. De seguida se incorpora ás colaboradoras da *Festa da Palabra Silenciada*, contribuíndo á formación do Rexurdimento da poesía de mulleres alcanzado nas últimas décadas e que se coñece na crítica como o “Movemento Poético da Festa da palabra”, na medida en que nesta revista se iniciaron moitas das ben recoñecidas xa na actualidade e que serviu como espazo para o encontro vizoso entre as poetas consagradas, as veteranas, e as novas xeracións. Este encontro beneficiou a todas, tamén ás veteranas.

A poesía de Pura evoluciona nas últimas décadas. Só será en galego nesta nova etapa e confesa nun poema de 1992: “*Perdín aquela escrita adolescente do lacerado sentimento. Se poidera voltar, desandaría para andar a plena vida noutra xeira*”.

Cando as coñecín nos anos 80, non só descubrín unha fantástica poesía, senón unhas persoas que son un raro exemplo de nobreza, de xenerosidade. As súas existencias personifican a harmonía, o amor, a humildade, a dedicación á cultura e á beleza. Considero a súa amizade como un tesouro e celebro que a Asociación de escritores en Lingua Galega lles faga esta homenaxe das *Escritoras na súa Terra*.

María Xosé Queizán

Incendio

A Pura Vázquez

Mal sometes o alento á donosura
mal reprimes o abalo das entrañas
á feminina voz,
esa traición.

Mal retorces esa forza que te
nace

con dedos delicados
os mesmos con que escribes
os sons dos cancioneiros
os eternos oráculos
a memoria doente da saudade
agarrada como pouta no teu pelo
cando alén ...

Mal suxeitas os sentidos
que te alzan

nun impulso elemental
a rabia rubia das raíces e
sargazos

que se arriscan na túa proa.

Mal sofocas esa ansia telúrica
que aterra

e da terra fas brotar a fronda
vigorosa

o ardor que impulsa o aire
aquece o fruto

que lanza a vida

un bafo ardente

un sopro que invita ...

Mal reprimes a ansia que te levou
por selvas, por gritos de

paxaros asombrosos

alertas na atalaia que te abre
camiños de incerteza.

Mal te embebes nas lágrimas
antigas

nos prantos das mulleres
no teu pranto
que non consegue afogar o grito,
calmar a febre,
que non anegará o incendio
que te medra.
Mal te afogas no océano
onde mollas a pluma.
Será sempre sangue rosaliana.

Sobre o teu mar de coágulos
paira un lume
lume devorador que surca os versos
unha fogueira intensa
un fogo circular, inferno e vida
que te brilla nos pés nus
que te alza na paixón.

O teu aire non é aire
É vento ardente.
Pesa e prende
un furor no teu corpo elevado.

A túa terra non é poeira seca
non é lama,
non é camposanto.
É volcán inflamado, é alento.

O teu mar non se axusta ao fluído
faise mel, sangue coagulado, flama
faise lume:
o teu elemento.

Xuntarei os teus versos
nun ardente facho
como guía, como luz
como paixón,
como incendio.

María Xosé Queizán

Nun xiro intacto

A Dora Vázquez

Encerrada na túa arca de saudades
na Galiza tecida en sentimentos
nesa poza da que fas brotar
paxaros
a ledicia sinxela do amor
de nai
na Galiza onde quedaches presa
dos soños da infancia
da casiña do outeiro
na Galiza dos orballos
e das fontes
que inundaron os teus ollos
na longa ausencia da irmá ...

Xuntas xa
nas albas añoradas
vendimando os mesmos soños
o voso tempo decorre en paz.

Dora de Ourense
as túas aves voan mansas
no teu doce espacio interior
amantes
nun xiro intacto.

*María Xosé Queizán**

* Intervención da escritora no Parque do Barbaña.

Para a AELG, e todos en xeral.

Xa se nos foi o Maio “florido y hermoso”. O mes que nos trouxo as niñadas de paxaros e as roseiras co regalo das rosas, as rosas do maio! Entre o sen número de nomes e cores de flores que a primavera nos trae, eu sempre preferín as rosas. As rosas das roseiras das campías, dos xardíns, dos parques de árbores sombrizos de follas verdescencentas, brillando no resío das mañanciñas, cando o sol entredourado asoma a súa face polo cume frondente dos piñeirais, ou polo arume das rosas dos xardíns.

Si, xa se nos foi o Maio co seu esplendor de rosas e paxaros, de niños, e roseiras, para dar paso ó xuño ateigado de horas dende a amañecida ata a noitiña cegada. Pero este maio que xa se nos perdeu no tempo, deixoume de regalo unha rosa, que uns dedíños familiares me entregaron na man con moito agarimo. Eses dedíños son os da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A eles lles debemos iste homenaxe que estamos recibindo. O seu agarimo e estima, que a asociación nos demostra ó ofrecernos a Pura e a min, a rosiña desta homenaxe que non cremos merecer, pero que aceptamos con todo amor e gratitude. Amor e gratitude, que sentimos tamén nós no noso peito e corazón, por estes intres que nos dedicou, e que nós recibimos con todo o noso agradecemento a esta asociación e a todo o pobo ourensán do que somos nados. Esa asociación da que é presidente D. Cesáreo Sánchez Iglesias. Esa AELG na que nos consideramos incluídos todos os que nos encontramos no mundo das letras, para dar máis rumbo á cultura literaria da nosa Galicia, polo seu erguemento, polo que loitaron tamén os nosos poetas devanceiros, como Pondal, Curros Enríquez, Rosalía de Castro en primeiro término, e cantos escritores e poetas lles seguiron os pasos ata o intre en que están os que os foron substituíndo, como o falecido Antón Tovar, a miña irmá Pura Vázquez, e tantos outros que gustan, como todos aqueles de antano e hogano, de facer marabillas coa prosa ou co verso, seguindo o ideal de facer pola cultura literaria de Galicia.

Todos nos agrupamos nesa AELG, que nos acolle na súa Asociación, para alcanzar para a nosa rexión galega o ideal máis alto na súa cultura, progreso e benestar, que todos buscamos e desexamos para Galicia.

*Pura e Dora Vázquez**

* Intervención das homenaxeadas, lida polo fillo de Dora, D. Antonio A. Rodríguez Vázquez, no Parque do Barbaña.

O sábado 19 de febreiro de 2005 reúnese ás 17.00 horas no Museo do Pobo Galego a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, a escritora ou escritor que será homenaxeado este ano na súa terra natal no marco dunha iniciativa fixa e anual que, ao longo dunha década, se ten instituído para a familia da AELG e para o conxunto da sociedade galega, como un contrapunto á celebración do Día das Letras Galegas. Neste caso, a AELG quere honrar os nosos escritores e as nosas escritoras en galego vivos, procurando, portanto, implicar a figura homenaxeada na propia xornada de celebración nun contacto directo.

Para esta edición de marcada simboloxía popular, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como única candidatura o nome de dúas escritoras cuxa extensa e polifacética obra literaria se ten convertido en referencia obrigada para a comunidade galega, mais non unicamente, pois a súa palabra permanece tamén viva en xornais e revistas de fóra de Galiza. Esta asemblea de socios e socias da AELG quere pór en valor a súa atención e dedicación á totalidade dos xéneros convencionalmente establecidos, dando ao prelo un continuum de voces e universos temáticos propios ao longo de toda a segunda metade do século XX, a diversidade do público destinatario da súa dilatada obra, tanto do punto de vista cualitativo como cuantitativo, procurando sempre un espazo de atendimento para o público lector máis novo, así como o seu fraternal compromiso, en fin, para cun idioma que priorizaron e asumiron como propio na súa práctica escrita, mesmo nas épocas máis comprometidas e á vez comprometedoras.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XI Edición Homenaxe “As escritoras na súa terra” ás escritoras ourensás Pura Vázquez e Dora Vázquez. Así mesmo, esta asemblea acordou nomealas Socias de Honra da AELG en convivio de irmandade con aquelas outras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que as precederon: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro e Salvador García-Bodaño.

Sen outro asunto que tratar e ao non se recoller ningunha intervención por parte dos asistentes, dáse por rematada esta Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG ás 18.30 horas, do que como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Presidente.

O Presidente

Asdo.: *Cesáreo Sánchez Iglesias*

A Secretaria Xeral

Asdo.: *Mercedes Queixas Zas**

* Acta de concesión da XI Edición Homenaxe “As escritoras na súa Terra”, lida no Salón de Plenos do Concello de Ourense por Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG.

Sr. Concelleiro de Cultura, queridas Pura e Dora, que hoxe non nos pode acompañar por motivos de saúde, mais que comparte con nós estes fermosos momentos.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega hónrase en facer realidade na cidade de Ourense, esta garimosa caricia de amizade e acto de xusto recoñecemento dos escritores e escritoras galegas ás escritoras Pura e Dora Vázquez, facéndolles a entrega da letra E de Escritoras e cos camelios plantados esta mañá no Parque do Barbaña e o nome dado á Fervenza das poetas e coa pedra das poetas que dará memoria para sempre da súa fermosa palabra tallada.

Co escritor Xerardo Méndez, hai poucas semanas visitamos as nosas escritoras no seu fogar. Despois de camiñar desde a Fonte da Praza do Ferro, chantada coma unha árbore ancestral, subimos as encostas da cidade e acougamos nas palabras insculpidas da Praza das Mercedes. Nun muro, un poema di da ausencia como unha forma de ficar.

Poder acceder á casa das poetas fíxome sentir o significado de acceder ao lugar onde todo segue a ser habitado polo luminoso tempo cotián, onde nunca desaparece o tépedo remol da infancia.

Foi como vivir unha viaxe ao centro de gravidade dos seus poemas. Na casa dun poeta sempre hai unha certa nostalxia do eterno, de Aquela Outra infancia que aínda en nós estremece.

Conversamos con Pura e Dora arredor da tarde Imóvel, que tamén sen cesar recordaba outras fermosas tardes de Maio pois, lembrando con elas, creámonos e creamos outro o tempo, outra a luz que nos olla desde os seus poemas.

Non é importante se o poema nace da experiencia persoal, ou nace da experiencia allea que nós asimilamos, mesmo ser só experiencia autónoma da lingua xe poética. Mais, ao percorrermos a súa biografía, un percorre a biografía colectiva dun tempo que tantas veces nos mancou e percorre moito das súas poéticas.

Desde o *membrilleiro onde o pozo* do poema de Dora onde os seus ceos azuis, cincos, brancos de nube, son celestes estrelecidos fritos. É *terra de Deus fermosa e escollida alauda dos vieiros e do mar, Galicia Aza de min*; en Pura esta Galiza do poema na que estamos a nos crear unha e outra vez coas nosas poetas contra da desmemoriada luz do día.

Compartimos o tempo que partiu. escoitamos os nomes da súa biografía chea de cálidos topónimos que son para elas gozo: O Salto do can, o Polvorín, Ouren-

se, Quiroga, e outros que son dor: A Guarda, Larache, San Rosendo de Celanova, o Cumial. E foise tecendo con nomes a fráxil tea da fértil biografía e fomos facendo imperceptíbeis incisións na cortiza do tempo, do tempo que pouco a pouco foise enchendo de recordos como o castiñeiro se enche de xílgaros e paporroibos e verdelos para despedir a luz do día, que ficou nos ollos das poetas como po de bolboreta ou como un tenro cristal de signos tatuados no rostro da terra: Teimende, O Sil, Chandrexa, Berredo, Armuña, Baños de Molgas, Larín, Valdepereira, Ventosela, Bergantiños... Ah! A corporeidade que a palabra poética ten cando nomea!

Podemos percibir a aura dunha poeta ao coñecer a súa biblioteca, os territorios da existencia, na súa nudeza. Retratos cor sepia. Unha de dúas nenas, Pura, de tres anos, enriba dunha pequena cadeira de cana e Dora, de oito, colléndoa protectora. Libros nos estantes para a lectura e algún na mesa para a relectura demorada, lugares da íntima creación, fotos familiares, memoria que se encarna no poema: tempo e memoria da realidade persoal da experiencia que fai posíbel a existencia da poesía.

Achegámonos ao balcón e ollamos a cidade, ollamos os tellados da Cidade Vella, a Catedral “*serenísimo faro polas idades converxendo*” –dinos Pura– e nácenos outra luz dentro dos nosos ollos ao ollarmos a catedral que para ela é “*carne irreal de Ourense*”, que nós ollamos como a morada do bon deus, se for a morada do home.

Elas sinálannos os lugares da cidade, as abas dos montes, territorios do seu nacemento, e a tarde calada no Miño ía para o mar e todo o que é a verdade e non ten sido, e todo o que non ten sido dor e todo o que ten sido soñado.

Ollamos cálidos ceos, límpidos no seu celeste, tan lonxe de nós, e algunha nube tan próxima, que pinta no ceo as súas acuarelas violeta. Un paxaro cruzou en diagonal o tempo e algunha gaivota que perdeu quizais o xeito do mar.

A cidade dourada, a mesma que nos deu escritores e poetas que a amaron e que participaron na biografía das nosas poetas: Otero Pedraio, Vicente Risco, Ben-Cho-Sei, dicimos os seus nomes e pola Ponte Vella todo regresa: o seu tempo envolve todo, tamén o profundo ceo de cálido infinito.

Con elas ollamos desde a xanela como segue o seu vivir a cidade e os outeiros onde aínda canta o merlo.

Dinos Pura:

*O meu corpo quere voltar a sentir o aire das montañas./
Encher as veas de luz e brétema nos boscos e as praias/
Escoitar os merlos nos trigais florecidos.../*

Dinos Dora:

*Soia vou...soia / pola marxe verdecida/ onde douran derradeiras
Outonizas luces soia vou/ que soia me deixaches
Coas fontes dos orballos / nacéndome nos ollos*

Búscome nos poemas das nosas poetas que digo como oración e son como poa-lla dourada que se volve neve intacta sobre a cidade, para que deixemos nela frá-xiles pegadas, para non toldarmos a súa beleza, para que en nós non prenda o olvido.

Nos seus poemas vivimos a realidade, non na súa aparencia, senón na reali-dade que conteñen. Na súa experiencia da linguaxe poética dannos conta da súa experiencia no tempo vivido ou construído co recordo do “desmemoriado río” de Pura ou co Pasatempo ferido de versos de Dora.

Entramos nos seus poemas e Nelas amamos o idioma que crea o poema, que é coñecemento poético, e nos seus poemas verquem os infinitos significados do noso humano devir, que son tantos, que anainan se somos quen de neles nos recoñecer. Delas que escriben e tamén de nós, que tratamos de achar as verda-des compartidas.

Compartimos con elas o seu tempo, que xa é tempo poético, que xa traspasou a linguaxe de signos da clepsidra que mede o efémero do tempo. É outro o seu estar. En Ourense todo é centro dourado e van dicindo as augas quentes aos ollos.

Desde o seu balcón sóñase o Miño, onde aparece e desaparece silenciosa a prata que esvara un peixe sen friume.

Retratámonos. E a tarde, coa súa imaxe delgada, reflectiuse nos ollos que son amigos do distante. Chama a nosa atención unha gata con dous gatiños e a súa realidade de xogo e mundo dos sonhos. A palabra compartida xa leveda docísima. Unha luz albear aboia quietísima sobre unha outra a luz, que desce sobre unha gata que amanta dous gatiños, que xogan con finísimas gotas de gris no seu ros-tro. Todo contén as cores da tenrura.

Cunha fita de luz enovelo a dozura daquel entardecer que trouxo o poente e o seu rumor do inextinguíbel. Xerardo e mais eu partimos como nubes errantes que se fan e se desfán para ser nesta breve viaxe iniciática cara o adentro da obra das nosas poetas.

Para Elas, a gratitude e o recoñecemento das novas xeracións.

*Cesáreo Sánchez**
Presidente da AELG

* Discurso lido na apertura do acto oficial de entrega da “Letra E” no Salón de Plenos do Concello de Ourense.

Pura e Dora Vázquez, poesía e sororidade

As letras galegas asentan as súas raíces contemporáneas na obra lírica dunha poeta galega por universal e universal por galega, Rosalía de Castro. Outras voces femininas continuaron ese río de versos e sentimentos desde a morte de Rosalía en 1885 ata os nosos días: entre esas voces ocupan un lugar de honra catro grandes escritoras de posguerra, Luz Pozo Garza e Xoana Torres, e as irmás Pura e Dora Vázquez, exemplo máximo de sororidade e fraternidade na nosa literatura. Como as irmás Brontë na literatura inglesa ou os Machado nas letras españolas, as irmás Pura e Dora seguiron traxectorias biográficas paralelas e unha semellante vocación literaria, máis orientada á poesía no caso de Pura, sen esquecer outros xéneros, e máis vencellada para Dora ó teatro, a prosa e a literatura para nenos.

Foi o escritor Andrés Pociña quen puxo en circulación o neoloxismo *sororidade* para referirse á vida e á obra das dúas irmás. E el entendíao así: “O que define a sororidade literaria de Dora e Pura é unha semellanza de posición ante o feito literario, que, sen esvaecer as súas personalidades, bastante diversas por certo, fainas receptivas a temas semellantes, a intereses semellantes, que tratan por veces de forma paralela (en 1970 *Un poema cada mes* de Dora, en 1992 *Zodiaco* de Pura), pero que moitas outras as levan a tecidos literarios distintos. E despois está ese amor profundo que se teñen as dúas, e que inspira a Dora o libro *Irmá* (1970), probablemente o máis sentido da autora, onde a ausencia de Pura, que fora para Venezuela, lle dicta versos espléndidos, case de namorada, para preguntarlle por qué marchou, levando con ela os “paxaros todos da ledicia”, deixándoa soa nas “outonizas luces”, e a leva a dubidar se foi verdade que a ollou en soños e a escribirlle este “Soño” tan precioso: “*Irmá!/ Si estiveran as túas mans,/ agora mesmo,/ coas miñas dos nosos mañás,/ man a man,/ palicando nos acháramos!.../ ¡E que,/ namentras/ o tempo discurrise así,/ sementando vran/ apoteosicamente!...*”. O volume *Irmá (Poemas galegos)* foi reeditado pola súa autora 26 anos despois, en 1996, como mostra da fidelidade daqueles sentimentos provocados pola separación doutroira.

Nalgún caso mesmo publicaron algunha obra conxunta como *Dúas novelas galegas* (Ourense, 1978), cos textos *Segundo Pereira*, de Pura e *Augas Soltas*, de Dora.

En galego e en castelán ambas teñen unha abondosa obra creativa e son dúas das autoras de máis prolífica produción no noso país: non hai un só día en que non xurda da man das dúas irmás algún poema, un breve relato, un artigo para os xornais, etc. “Escribo para non envellecer demasiado de presa”, dicía Pura Vázquez no ano 2000, con máis de 80 anos, cando recibiu o Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia. Outras veces foi a propia loita contra a enfermidade, a arela de supervivencia, o que provocou a intensidade creativa das dúas autoras que nos últimos anos nunca esvaeceu nin se deu tregua ante o desacougo.

Este labor literario foi recoñecido pola crítica en estudos como o *Diccionario da Literatura Galega* de Galaxia, o colectivo *Palabra de Muller* (Xerais, 1992, de Camino Noia e Celina Ramos) ou en monográficos a elas adicados por revistas literarias como *Festa da Palabra Silenciada* ou *Fadamorgana*, con traballos de Xosé A. Neira e Blanca-Ana Roig sobre a vizosa e extensa obra de temática infantil e xuvenil de ambas.

“A poesía non é de quen a escribe, senón de quen a necesita”, di Máximo Ruppolo nesa coñecida novela titulada *El cartero (y Pablo Neruda)*. El faino para xustificar a utilización duns poemas do mestre Neruda para conseguir o que arela con máis paixón: o amor dunha fermosa moza. Nós facemos nosa esa cita tamén para subliñar que os poemas de Pura e Dora son nosos no sentido de que para nós foron creados, para nós mesmos reencontrarnos coa nosa cidade, para combater o desacougo e converter a saudade en forza vital, para dar testemuña das dores e sufrimentos dos máis desposuídos (tamén dos emigrantes, experiencia que a propia Pura coñeceu como propia), para exprimir nós mesmos o compromiso da poesía coa vida e coa verdade. Di Pura Vázquez nun poema, titulado “Troveiros galegos” e adicado a Miguel González Garcés, que non existe un galego que no seu corazón non sexa poeta, *se non faguemos versos soñámoslos a cada intre,/ e forxamos poemas coas bagullas e as arelas...* O noso poema de hoxe serán estas palabras de agradecemento e ilusión pola homenaxe da AELG a dúas das máis grandes poetas galegas, dúas fillas de Ourense, dúas amigas que sempre levaron, pedirémoslle prestada a expresión ao querido “Ben-Cho-Shey”, *Galiza no corazón*.

Pura Vázquez

*Arróxannos esnúos, indefensos
nun mundo hostil que xa no berce fire.
Nada sabemos, nada, de canto nos agarda.
(Inocencia, feliz, marabillosa
cortina que nos vela ise futuro
que atesouramos nos cativos anos).*
("Nacer en ti", de *Se digo Ourense...*)

Pura Vázquez Iglesias naceu en Ourense no ano 1918. Criouse na cidade de A Coruña ata os sete anos en que volveu á súa cidade natal. A súa obra literaria iniciouse sendo ela moi nova, con só quince anos, cando publica os seus primeiros versos en *La Zarpa*, o gran xornal agrario e galeguista fundado por Basilio Álvarez.

En Ourense fixo os primeiros estudos, o bacharelato e a carreira de Maxisterio, desempeñando a súa primeira escola en terras ourensás para logo iniciar, por motivos de clima, unha pelerinaxe por diversas escolas das provincias de Segovia, Toledo, Sevilla e Madrid. Participou na revista *Posío* e no *Círculo Azor* e na maioría das actividades culturais dos anos 40 na cidade. Segundo ten lembrado Borobó, colaborou cos seus poemas en *El Compostelano*, desde 1941 e da man do seu mestre Antonio Couceiro Freijomil, e tamén na páxina de *Plumas e Letras* do xornal *La Noche*, que el mesmo dirixía en Santiago.

No ano 1955 viaxou a Caracas e foi encargada polas autoridades venezolanas de rexentar un *kindergatem* piloto no mellor centro de Primaria de Caracas daquela época. Un ano despois traballa como secretaria da Escola de Periodismo da Facultade de Letras da Universidade venezolana, regresando a España no ano 1968. Coñeceu e tratou a moitos dos escritores que máis admira como Gerardo Diego, Vicente Aleixandre ou Uxío Novoneyra. Nas tertulias de Madrid estaban presentes tamén nomes como José Hierro, Ramón Cabanillas, "Ben-Cho-Shey", Cunqueiro, Carmen Conde, Manuel María ou Marcial Suárez, evocados tantas veces pola autora.

Xubilaríase por lei en Madrid, en 1985, ano en que enviuvou regresando definitivamente a Ourense. Empezou moi nova a escribir nos xornais e revistas desta cidade e a publicar os seus primeiros libros de versos desde os anos 40 en diante.

A obra lírica e narrativa de Pura Vázquez supera os 30 títulos (en galego e en castelán), entre os que cabe subliñar o seu primeiro poemario, *Íntimas* (Xistral, 1952); *Maturidade* (1955), *A saudade i outros poemas* (1963), *O desacougo* (1971), *Verbas na edra do vento* (1992), *Man que escribiu no mar* (1993), *Se digo Ourense* (1994),

Orballa en tempo lento (1995), *Sempre irmá* (1996), *Desmemoriado río* (1997), *Náufragos da electía* (2001), *A música dos tempos* (2002) e *Herida soledad hacia lo alto* (Madrid, Torremozas, 1998). Ela mesma dirixiu a publicación de dúas antoloxías da súa obra, unha da súa poesía en galego (1952-1971) e outra dos versos en castelán (1944-1985); ademais, a Xunta de Galicia publicou *A carón de min* (1994), fermosa edición antolóxica con ilustracións de Carlos González Villar e prólogo de Víctor Campio, e Caixa Ourense en 1995 adicoulle unha nova antoloxía, *Poesía de Pura Vázquez*, presentada por Xulio F. Ogando.

Aínda é autora de obras de teatro infantil e de versos para nenos, así como das entregas narrativas *Segundo Pereira* (1978) e *Os Aldán foron a América* (1996). Recolleu parte dos seus artigos de xornal en *Edras do vento* (2001) e *O mundo máxico das ideas* (2001). É membro correspondente da Real Academia Galega e recibiu os Premios de Creación Cultural Femenina (1993), Trasalba (1996) e o Premio das Letras e das Artes de Galicia (2000).

Ambas autoras aparecen situadas polos especialistas na Xeración de 1936 ou na primeira xeración de escritoras de posguerra, ao carón de Luz Pozo e María do Carme Kruckenberg. Da poesía de Pura Vázquez tense suliñado a relevancia nos seus textos do acento lírico e sentimental, a relixiosidade e o intimismo e unha certa preocupación social polas xentes populares e campesiñas. A chuvia, as plantas, os insectos, cargados de símbolos e múltiples lecturas, as saudades de Galicia desde a emigración americana son temas constantes de toda a súa obra literaria.

A súa intensidade e fertilidade creativas son ben coñecidas. En 1993 declaraba ao xornalista Roque Soto: “Mentres poida, mentres teña vida e esperanza, seguirei cos meus versos, porque me gusta e quero deixar algo tras de min. Non teño fillos, entón quedan as obras que creei”. Precisamente un dos seus poemas máis sobrecolletores titúlase “Soñando o fillo”, dedicado a ese soño que nunca viu realizado:

*¿Onde estás ti,
que na noite te busco perdido?
¡Búscote en min e na noite,
soave, íntimo...!
Non tremas, en min non vives,
¡ai, meu deserto recinto!
Milagre da carne miña,
¡fillo... fillo!
Ven que teño unha laberca
i un agro inzado de lirios
i un arbore con tres niñadas
i unha rolada de pitos!*

*¡Heiche de tecer un berce
con xuncos do pé do río!
Coa lá da cordeira branca
i o meu mantelo de liño,
estarás como unha rula
acochadiña no niño...
Non sei que facer cos días,
coa vida que vai fuxindo.
A terra é unha pecha noite
que sabe a sol de suplicios.
Sempre contigo, a soñarte,
buscarte en paisaxes íntimos,
camiño que ha de levarme
lonxe no tempo... ¡filliño!*

Dora Vázquez

*¡Medraches, miña terra! ... Medraches,
coma os nenos que a roupa lles foi sendo pequena,
e houbo que alongarlle apresuradas bastas.
Medraches cara o Miño e máis aló das Pontes.
Medraches cara o monte, o Polvorín e o Cumial,
cara a Valenzá e o Salto do Can, ¡cara tódalas bandas!
Estirácheste, emelecéndote, bañándote
e máis delicadas cores, coas túas pedras novas,
os xardíns e as craras barriadas.
Fixéche muller de lanzal corpo
e firme seo ardente, con alma a frores e a traballo,
a nobreza e bos feitos... ¡Medraches!*

(“Canto a Ourense”, en *Soñando con Ourense*)

Semellante e paralela é a biografía da súa irmá Dora, nacida nesta cidade en 1913. Fixo os primeiros estudos na Coruña, ata os 13 anos, e logo Maxisterio en Ourense. Exerceu como mestra en Teimende (Parada do Sil) durante 18 anos e despois en Larín (Arteixo). Casou co mestre Antonio Rodríguez Vázquez, do que ten dous fillos, Antonio Alejo e Abelardo, e tamén unha neta. Hoxe viúva, xubi-

lada voluntariamente por motivos de saúde, vive coa súa irmá nun piso da Praza das Mercedes en Ourense.

“Na cima dos milenios” Pura escribiu en 1990 *Terra Matria dos Soños* (Abano), volume de memorias que describe polo miúdo os dramas e experiencias de ambas irmás, que se complementa con “*A malpocadiña*”, breves memorias asinadas por Dora. Ámbalas dúas autoras seguen a publicar obras de todos os xéneros (poesía, narrativa, teatro infantil...) e colaboran nos xornais *Galicia Hoxe* (antes *O Correo Galego*) e *La Región*. Antes o fixo en publicacións como *Vida Gallega*, *Vagalume*, *Escuela Española*, *El Magisterio Español* e en medios de América como *Poesía de Venezuela* e *El Universal* de Caracas.

Dora Vázquez asinou arredor de vinte títulos de poesía, teatro infantil, narrativa e contos didácticos e moralizantes. Os seus primeiros volumes están en castelán como *Palma y corona* (1964) e *Un poema cada mes* (1969). Durante a estada de Pura en Venezuela, publicou en galego *Irmá* (1979), símbolo nidio desa sororidade xa destacada; *A xeito de antoloxía* (1992) recolle textos seus en galego e castelán. É autora dunha novela costumista, *Bergantiñá* (1971), que denuncia a inxustiza do campesiñado galego obrigado a emigrar, e de *Augas soltas* (1978), un relato moralista onde os campesiños representan personaxes bondadosos fronte ós malvados habitantes da cidade (Camino Noia). Entre as súas achegas á literatura infantil destacan *Campo e mar aberto* (1975), *Contos para nenos* (1979) e *Tres cadros de teatro galego* (1973).

En colaboración con Pura, asinou o libro de poemas *Oriolos neneiros* (1975), *Viaxe ao país dos contos e da poesía* (1985) e os textos teatrais *Monicreques* (1974), *Ronseles* (1980) e *Teatro completo para nenos* (2000). Entre os seus últimos títulos están os poemarios *Oración junto al camino* (1985) e *Madeixas debandando* (1997); a novela histórico-poética *Noelia* (2001); os volumes memorialísticos “*A malpocadiña*” (1996) e *O agro: un mundo aberto* (2001), o articulismo de *Letras no tempo. Antoloxía* (2002) e as escolmas narrativas *Mulleres amadas por grandes homes* (1994) e *Cadros reais, de amor, vida, agro e teatro* (2003).

Ourense no universo literario das irmás

Os temas ourensáns son unha constante en toda a obra lírica, narrativa e teatral das irmás Pura e Dora Vázquez. Bastaría citar os volumes de Pura, *Se digo Ourense...* (Concello Ourense, 1994) e de Dora, *Soñando con Ourense* (Concello Ourense, 1995), todos cheos de versos e prosas de acento ourensán. No libro de

prosas de Dora están as lembranzas infantís do Salto do Can, o engado da súa luz e das campás da Catedral, a calor do sol outonizo e os diálogos mudos das súas estatuas nos xardíns, ademais dos poemas “Canto a Ourense” e “Canto a la ciudad de Orense”. O Salto do Can é tamén a cerna xerminal dos versos de Pura Vázquez en *Se digo Ourense...*, terra berce e patria desde a infancia que se lembra desde unha saudade chea de esperanzas. Canta Pura ó pai Miño, evoca os clamores da chuvia nas fenestras, os tellados desnivelados mendigantes de sol, a pedra en apouso e sosegada da Catedral ou a beleza mística e inocente dos retábulos do escultor Arturo Baltar.

A cidade auriense quere e admira as dúas irmás. Están elas vivas no cerne da cidade, publican os seus artigos na prensa local, na mesma saen moi a cotío cartas de ánimo de lectores (sobre todo lectoras) e amigos que non as esquecen. Son populares, queridas, as poetas que conviven co seu pobo, que pasean polas súas rúas e que seguen amando con intensidade esta cidade e as súas xentes. Por iso a cidade vese obrigada a cada pouco a ratificar esa lealdade coas orixes con diversos recoñecementos desde os anos 90, sobre todo coa adicatoria polo Concello, no ano 1995, da rúa que leva o nome das dúas escritoras á beira do Parque Barbaña. Nas mesmas datas, grupos de mulleres ourensás, o Liceo, o grupo Dolmen e o clube Alexandre Bóveda adicáronlles tamén diversas homenaxes como a imposición da medalla de ouro do Liceo (novembro 1994) e a celebración do 80 cumpreanos de Pura o 31 de marzo de 1998 (de todas elas dá conta fiel e puntual Pura en *Terra Matria dos Soños*).

Esta de hoxe é só un relanzo máis no camiño, unha nova lembranza, nesta hora en nome de tódolos escritores galegos e a cargo da Asociación de Escritores en Lingua Galega, aquí tan ben representada. Foron Pura e Dora tamén exemplares neste aspecto e dúas das primeiras autoras en aboiar coa súa obra, nos difíciles anos da posguerra, en lingua galega, contribuíndo así eficazmente ao labor de prestixio e recoñecemento necesarios para a normalización do noso idioma. Labor este sempre aberto que deixa na man dos galegos e galegas –non podía ser doutro xeito– a máxima responsabilidade na salvagarda do noso máximo sinal de identidade: outros pobos foron quen mesmo de recuperar linguas xa mortas, convertidas en canon litúrxico, e facer delas o seu vehículo maioritario de expresión; os galegos non poden ser menos e deben facer do galego un dos eixos centrais da súa presenza no mundo, o que por suposto é compatible co necesario coñecemento doutras linguas nunha realidade complexa e globalizada.

Dicía o escritor colombiano Álvaro Mutis que a poesía é unha forma que ten o home de orar, non sei a qué, pero de orar. E por iso quero rematar esta intervención, neste encontro de confraternidade coas nosas dúas grandes poetas, cuns versos do libro *Orballa en tempo lento*, de Pura Vázquez, que son tamén unha

oración laica a favor da vida e do compromiso do poeta coa súa propia obra: o milagre da poesía.

*E chegará ese día. O das gacelas
e as corzas añorantes susurrando.
Día gabia de luz. Día onda leve.
Día violíns e músicas e nardos.
Tamén virán alaudas apousándose
nas árbores fantasmas. Nas fronteiras
dos outeiros amables do abril macio,
co crepúsculo aínda relanzado.
Na levián incerteza dos encontros.
Onda os salgueiros a dobrarse amargos
acharédesme en ondas, en espellos.
Estarei fronte ós astros agardando.
Só eu falarei na derradeira cita
Convosco. Eu soa en túneles pechados
cos calados espectros axexantes.
Co propicio silencio que non cesa.
Co tempo relancío e eternizado.”*

*Marcos Valcárcel**

* *Laudatio* pronunciada no Salón de Plenos do Concello de Ourense.

Unha data histórica

Xa nos atopamos na data que no xuño nos tiña sinalada a Asociación de Escritores en Lingua Galega, para adicarnos a Dora e a min unha homenaxe pola nosa traxectoria, máis de sesenta anos na vida da cultura xornalística e literaria. Unha homenaxe da que xa tiñamos algunha referencia de tempo atrás, encontrada no xornal de Santiago “Galicia Hoxe” e no “El correo Gallego” da mesma localidade. Este último, ca sinal de “Maré”, tiña nunha ringleira unha noticia que se refería a nolas dúas, e dicía algo que nos fixo sobresaltar o corazón e as bágoas dos ollos.

Dicía así: “Homenaxe: Pura e Dora Vázquez recibirán en xuño na cidade das Burgas o tributo anual da AELG en recoñecemento a máis de seis décadas de literatura...” E noutra páxina, no título de “Sempre unidas”, falábase da nosa laboura literaria: ensaio, novela, teatro infantil e máis serio, contos, artigos e poemarios. Engadíán que seríamos protagonistas da homenaxe que, dende hai dez anos, a Asociación de Escritores en Lingua Galega dedica a autores de escrita en longos tempos. Tocaríanos este ano 2005.

Naquelas datas, do marzal deste 2005, saía tamén nun “Pan por Pan” do coti-diano periodista e amigo Marcos Valcárcel, un fragmento que nos dedicaba para darnos a noraboa, e viña cunha foto na que estamos nolas dúas “en la sala de su casa”, como dicía no pé da foto, e un titular: “Pura y Dora Vázquez se escribe con “E”, máis unha relación en redor dunha vindeira homenaxe que se nos pensaba ofrecer para o mes de xuño, xuntamente cunha nota de que a AELG “ha decidido que sea esa pareja la protagonista de su tradicional homenaje “Escritor na súa terra”, e que tería lugar no próximo 25 de Xuño, en Ourense, onde moramos xa dende en tempos.

A todo iso xuntábanse outras referencias, que moito agradecemos, sobre a nosa obra cultural e literaria, a nosa convivencia xuntas e unidas, traballando na literatura e na xornalística ó longo de seis décadas. Engadíanse notas culturais, biográficas e recoñecimentos á nosa laboura, sobre todo a Pura, que recibira varios premios da Xunta de Galicia en diferentes etapas, e outras entidades ourensáns. Este escrito biográfico cultural sinalábo Sonia Torre.

Para rematar, temos que confesar que estas irmás, dúas mestras de escola nas orixes, destacaran tamén pola súa tarefa nos xornais e a edición de varias obras cada unha, e sentímonos tan emocionadas ó ler canto de nós se recordaba, que case sentimos ganas de chorar coa ledicia de sabernos comprendidas.

Un infindo agradecemento nos rebule no peito, por tantas mostras de cariño como recibimos de todos, particularmente para esa AELG, “Asociación de Escritores en Lingua Galega”, que nos promoveu esa homenaxe para este día de xuño no que nos atopamos, (cumprindo con canto nos ten de encantador e feiticeiro) e que nos deixa un feliz e grato recordo para o longo dos anos. Deus premie aos organizadores con toda clase de bens, e que reciban con afecto o noso cariño para eles e para Ourense, destas dúas irmás que aprecian tanto ó seu pobo ourensán, e ás súas xentes, e a cantos amigos da AELG que nos recordan e tratan con tanto calor de afecto.

Moitas gracias a todos.

Pura Vázquez
*Dora Vázquez**

* Intervención final das homenaxeadas, lida por Antonio A. Rodríguez Vázquez, fillo de Dora Vázquez.

Escolma literaria

por Xerardo Méndez

Pura Vázquez

Idade Idoira onte

Foi unha idade idoirá. Presentía
abrochar desvaríos. Lumes fondas.

Baixo a sombra da espiga. Dos trigais
collía peitaliños de mapoulas.
Alardeaba en leiras do acendido
amaranto. Das prímulas luxosas.
Da camelia brillando sen recendos.
Da doncelez fulgúrea das magnolias.

Cando medrei fun repasando mundos.
Pisei veludos prados lamacentos
e lascivas, suavísimas alfombras.
Lameiros fluorescentes. As espadas
frescas das erbas. As maduras froitas.

Andei polas follaxes derrotadas.
Os limpos seixos beirarríos. Dondas
florciñas de cores. Celmes astros
alumáronme os vougos da memoria.

Nun corruncho de min houbo unha nena.
Paxaro ceibe remontando as horas.
Enredei cos cristais. Coas xebras verdes.
Coa fluente brisa. As mariñeiras ondas.

Bebín a luz no colo dos abrentes.
Durmín baixo a orballada das auroras.

De Orballa en tempo lento

Lúas e solsticios

Tras de cada estación algo se acaba.
Queda algo tenro que nos turra dentro.

Xermolan os desazos. Xurden vougos
no corazón. Nace un abalo lento.
Bórranse as opulentas maravillas
e medran acedumes nos valeiros.

Pouco val que nos ollos, nunha bágoa
se lave a rosa. O seu volume exacto.
Pouco que abellas loiras zoen dentro,
nos abrochen cos cálidos solpores.
Nos arcoiris. Nos cómaros dos xeos.

Que nas mans alborezan brancos panos.
Que as aves cimbren pasadíos ventos
nas luxosas ramaxes das mazairas.
Que ourecen torres ó devir dos séculos.

Co transferir de lúas e solsticios
algo se troca na matriz do eterno.

De Orballa en tempo lento

Aldea en paz de praias e gaivotas

Ese duro metal que se albarca
pola banda do mar cando adormenta.
Esa onda que sube preguicenta.
Ese azul. Este sámago. Esta brea.

Esta sálvea. Este olor. Esta presea
da orballada brillando. A morriñenta
voz mariña en remansos. A cincenta
luz que o día debuxa pola aldea.

Aldea en paz de praias e gaivotas
que me descansa os ollos. Que me adoita
a soñar dornas. Vagas singraduras.

Un universo libre, illas ignotas.
Esta canción do corazón. Escoita
este intre que en belezas se conxura.

De Orballa en tempo lento

Virás desde ribeiras de marolas

Virás desde ribeiras de marolas.
Virás por sempre ás íntimas paisaxes
onde as fluentes ondas se extravasan.

Virás tecendo vidos de alegría
sobre o deserto lume. As devanceiras
arelas que culminan abrasadas
nunha ardencia lustral de identidade.

Virás desde un orixe extrapolado
en moreas de ausencia decantada
de astrales marabillas renacendo.

Eu agárdote sempre a contratempo.
A contra amor. A contra pura lóxica.
De agardar tanto a vida se me enfría.

De Orballa en tempo lento

Mentres que sinta a voz. O corazón

Mentres que sinta a voz. O corazón
e o rastro do meu verso viva limpo
e capte unha profunda certidume
nas cousas e nos seres. E a palabra
me convoque coas árbores. As flores.

Mentres rosman as mansas avetardas
da costume e o mundo fermosísimo
me alede con fervores, leves glorias,
fascinantes feitizos como outrora
para os meus ollos engadados.
Mentres que olle as anémonas.
As cálidas vertentes. As agrestes
ledicias dos arumes a incrustarme
unha celeste alquimia polas veas
e sigan rebordándome as auroras.

Desdobrearei os lenzos do maxín
para voltar ó páxaro fastuoso
e ó pequeno xirín. Ó pardaliño.
Todo o festín da pluma a rodearme.

E as verticais luces. Os fouciños
das lúas amingoadas.
Os polders paralelos
ás longas beiramares. Fuxitivas
luces. Sangues de sol. Torres e faros
onde brillan aínda restos de áscuas.

Renacerei un día de novo de entre a luz
ás canles da Poesía. A flor que gardo.

De Orballa en tempo lento

Luir. Palpar. Tocar a rocha ardente

Luir. Palpar. Tocar a rocha ardente
e o negro mar das tercas teimosías.
Combarse no solar teito dos días.
Vivir. Sentir tan milagreiramente.

Ser unha ínfima parte. Un reverente
latexo na lustral melancolía.
Algo que estrala na cadea fría
de anos pesando que un final presente.

Seguir sendo unha voz que canta e clama.
Arder na infinitude desta chama
que ascende polos séculos e as rosas.

Subir. Subir máis alto. Máis enriba.
Arder nestas fogueiras prodixiosas...
Onda da eterna luz. Da lume viva.

De Orballa en tempo lento

Fonte de vida. Lume que me quentas

Fonte de vida. Lume que me quentas.
Aquel hoxe perdido en néboa e loito.
Zume a sortir daquel maduro froito.
Obstinada pleamar. Ribeiras lentas.

Fonte de vida a propagarme. Domas
as sonámbulas lindes. As vertentes.
Aquel brío de afáns e adolescentes
maxias: O tacto. As chamas. Os aromas.

Feitizo. Emanación de evocadoras
imaxes. Sede. Abraio doutras horas.
Realidades. Lembranzas. Bico. Amores.

Cima de ardentés flamas e destellos.
Saudade uncida ó frío dos espellos.
Efémero caudal. Sangue de flores.

De Orballa en tempo lento

Corpo de amor

Circunvalado río
de amor pola pel leda.
Cantiga melodiosa
a húmido labio presa.

Albizaros de lume
na enlevada terra.
Saibo de escuro mel.
Maduro sol de médula

Corpo de amor nos trae.
Lúa de amor nos leva.
Dozura para o tacto
que os zumes nos espesa.

De Orballa en tempo lento

O que doe

Non dóe a luz. Non doe si os ollos inda a ven.
Non doe a seda. Esa mapoula avermellada.
Nin a auga das bágoas nin o brancor da pel
nin o celeste lume que os solpores apagan.

Non doe o amor. Nin ese gozo núbil dos lábios.
As tenras anainías. Os saciados amantes.
Non doe o escorzo suave dunha man polas sens
nin o segredo ardente das palabras. Un nome
non doe si o aroma tingue o sorriso da tarde.

O delirio dos bicos mata a dolor que abrolla
na quente pluma, o sangue dos áxiles paxaros.
No vizo dunha folla ou nos cercos das búas.
No tempo dos rolantes solsticios ancorados.

Só doe a fame. Fire o fulgor das espadas.
O desamor. O berro. Cantigas que non soan.
A tremente tristeza dunha pomba sen azas.

Doe a pisada herba. Os sabucos do mundo.
As feridas cravadas nunha carne que enfría.
Os metais adondados polo brillo das lágrimas.
Un meniño que fuxe cun pan baixo da axila.

De Orballa en tempo lento

Non teño esquecemento

Levo na pel escorzos de amadas mans. Dos tactos.
A quentura anainando dunha calor obsesa.
Esta ledicia morna que nos soños me acae.

A música que escoito nos aléns das ausencias.
No arrepío do amor que xeado persiste
levo un sentir que doe. Un luír de frías sedas.

Os panos que perduran acenos tamén doen
ancorados nos túneles das inqedas mareas,
de intres que van cos anos tamén morrendo a eito

coas turbias teimosías que os remuíños levan.
Os vougos dos degaros caen nos vellos ríos
cos morriñentos páxaros chiando noutras xeiras.

Mentres haxa preguntas e cítolas tócando
no lusco e fusco vivo das lúas e as violetas.
Mentras que o tacto, as mans e a pel e escorzos vivan

nos vans, e nos apreixen entre o esplendor e as tebras.
Non sei de esquecementos. O sangue só se escoa
nese xeado norte de sámagos e areas.

De Orballa en tempo lento

Xa nunca hei de poder orzar as lúas

Xa nunca hei de poder orzar as lúas
nin navegar a contravento. Quizais só fluctuar
entre a luz e as penumbras.

Case a cegas.

As azas xa non reman
e as naves vánse a pique
nos peiraos.

Xa non sei navegar
nin acerto a zugar a polpa doce
dos froitos escoitando
rechouchiar os páxaros exóticos,
pintados nas lembranzas.

Nin presentir os tigres
e os koalas

nesas seivas que amei
lonxanos días.

Fenecen os recordos dos bucares
e dos samáns.

Murcháronse as orquídeas.

As violetas.

Todo fuxe nun hourizonte estreito.

Ollai. Tampouco queda nada
na horta do membrilleiro

e os reiseñores.

A árbore non ten follas.

Non dá sombra.

Secouse o pozo. Xa non nace
auga fresca nin ondas nos
espellos.

Xa todo transcurríu.

E non hai volta.

De Orballa en tempo lento

Consérvame, señor, a man que escribe

Consérvame, Señor, a man que escribe.
A lucidez do senso prá beleza.
A razón esgazante. A pulpa viva
para acadar herméticas verdades.

Dame esa plenitude de chegarmos
á entrana misteriosa do vocablo,
rotunda marabilla das palabras.

Sublímame este gozo. Este obsesivo
amor pola pureza da linguaxe.
Do verso e o ritmo. Música aprendida.
Transcendente dominio voluptuoso.

Consérvame este luxo prolongado
para atrapar o reino da metáfora.
Fermosura da espléndida armonía.
Liturxia apaixonada. Verbo aceso.

De Orballa en tempo lento

Os pirómanos do monte

¿ONDE está o rostro do que acende o lume?
¿Os morcegos da sombra, as traidorías?

¿Fuxe coa alma alombada cando fuxe
con pisada furtiva e asasina?

¿Quen acende as restrebas, os rastrollos,
deixando tras de si lume mordendo
árbores, matos, aves, alimarias?

¿Quen mata o aire co aseitar da chama
que acora a quen se achega a exterminalo?
¿Que paixoes remoen ó que queima?

¿Non lle doen nas entranas as paisaxes,
o asasinar cobarde da beleza,
converter en fogueiras as herdades
e converter as terras en borrallas?

¿Que afán na podre man que estreba o misto
ou que cervos, maliaxes, os que os rillan?
¿Que lobos, que rancuras despeitadas
lle están sugando arreo as irtas veas?

¿Son fillos de Caín como o que mata,
ou son fillos sen nai, amor nin alma,
veleno, refugallo rexeitado?
Fede a traición o fume das toradas.
Negra traición a que asasina os adros,
a que prende nos montes as fogueiras.

¿Que alieníxena chama os rilla dentro?
¿Que almagre, en vez de sangue, os alucina?

De Desmemoriado río

Un noital pesadelo

CECAIS iamos todos por lonxuras de fume
fuxitivos sen face pola cinsenta néboa.
Noitaregos rocíos pingaban como un viño.
Como unha embebedante arelía de estrelas.

Íamos por camiños abandonados, ásperos.
Cecais íamos cegos ou seica eu era a cega.

Era duro deixar a ribeira gozosa.
Perderse polo Tempo nas voraxes senileiras.
Soñar baixo outras árbores a cotío ancoradas.
Sentir celestes lumes arder sobre a poalleira.

En distancias lonxincuas. Frente dun mar sen ondas.
Estourando entre as illas a laranxa da terra.
Aprendendo neneiras canturías de río
para espantar os medos e o conxuro das meigas.

Sentímonos borrados por mundos en trascordo.
Cecais iamos cegos ou seica eu era a cega.

Acendimos fiaños nas lámpadas do día.
Aprendimos os xabres e os pórticos da estrela.

Fóra dos pesadelos e os sámagos da aurora
gabeaban os corzos das teimosías negras.

De Desmemoriado río

Solpor no mar

AGAVEO do mar. Algarabía
entre espacio e distancia proclamada.
Entéstaseme o espírito. Arelada
do peito, fronte á espuma salgada.

Contraluces de sombras. Teimosía
rásame o soño en ágora dourada.
Xistras da bocanoite anticipada
a luz crepuscular fia e desfía.

Entre a púrpura inxel das contraluces
acho o menhir e o dolmen. Acho as cruces
batidas por milleiros de garúas.

Acho as gaitas soando. Nos albeiros
un agochar tremante de luceiros
fai conxunción coas ondas e coas lúas

De Desmemoriado río

Nun lírico estrenar da primavera

A lombeiro dos cumios asoma a lucrada.
Cheira a isca e resiñas e loureiros floridos,
acantos, quentes musgos, erbiñas. Nos xardíns
¡que luxo de camelias, que louvor acendido!

Sobre un luir de azas pulando polo aire
bebo doces venenos, primaverales viños
E os sámagos do mundo son ámbitos de auroras.
Son acenos de mans, abrochos primeirizos.

De Desmemoriado río

Nun abrente outonal

VIÑAN fiaños de brétemas a borbollóns xurrando
cos meigos xaramolos nos fiunchos dos adrales.
No amencer trascendían os ríos balbordados.

Un esplendor subía das mapoulas vermellas.
Sensitivas chorimas do toxo en lentitudes
ondulaban os cámaros de altísima beleza.

Logo falaba o día coa presenza sonora
dos paxaros miúdos nos ámbitos violeta.
Do sámago que abría brancores de magnolias.

Renacía na noite unha terra senlleira.
Nacíanos nos ollos. Era unha ofrenda doce
de outro día abrollando sobre a espalda das erbas.

A música do vento nas ventanas petaba
escorrentando as nebras da percurada luz.
Oquedades de abismos coas soedades pulaban.

Luzadas nas cornisas dos abrentes. Caían
folerpas da nevisca no lombo das estatuas.
Os mármores soñaban coa lentura da brisa.

De Desmemoriado río

Ese nome de lume

ESE nome de lume
abróllame en lonxanas
nebulosas e vougos,
luces desacougadas.

Ten sílabas fermosas
e pérolas e nácaras.
Atavíos de néboas
e paisaxes extrañas.

Ten pechos labirintos
e simas sinaladas
que cose un levián fío
de lúas debruzadas
en fondísimos ríos
e foulas de resacas.

Medra nas beiramares
e idoiras marexadas.
... un cabelo de xebra.
Medusa envelenada,
perdida nos valdeiros
das saudades amargas.

E un veludo amaranto.
Beleza alucinada
ourezándome os beizos.
Sensual andarivel
pra nomes e palabras.

De Desmemoriado río

Beizos

Nos beizos rosa que o sorriso acenden
o bico sensitivo o mel apura.
De un abrochar de celas sen clausura
besbexantes íabellas se desprenden.

Se de ti para min estambres tenden
os enfeixados fios da tenrura,
un albízaro soño os apresura
e sucesión de engados nos sorprenden.

Velada lúa címbrese en florales
celaxes, lenes, líricos panales.
Leda morneza que o debezo anela.

Amor –melancolía e relembranza–
acada a pumariña da esperanza
que con sorriso e beixo nos desvela.

De Desmemoriado río

Desmemoriado río o da memoria

EN distancias de soles. En macios universos
pérdeseme a memoria. Na luz apouvigada
onde as palabras floran como un mundo sen ecos.

Son alaudas feridas que perderon as roitas.
Espaventadas cinsas nun boligante vento
onde se ispen lizgairas. Son misterios leviáns
de petunias e anémonas ou de lotos efémeros.

Morren nos fríos sámagos de espellos sen imaxen.
Séganlle as transparencias un gume de coitelos.
No esplendor dese cosmos onde o olvido alborece
choutan os labirintos de escurecidos ceos.

Nos pórfiros vermellos dos exilios sen volta,
nas longuras, apáganse como se apaga o senso.
Perdéronse os fulgores e as teimosías fondas
nesta gran desmemoria de crepúsculos lentos.

De Desmemoriado río

Non poido ser perderte

AMIGO: A solas ti coa terra, sempre a solas.

Deixache a luz e o lóstrego atrás, na aurora fría,
o quente musgo, os trigos, as mapoulas do engado,
e fúcheste por cumios e rompentes sen nome,
poio vacío inmenso dun símbolo de estrelas.

Di se escoitas a música e o milagre rotundo
das altas maresías. Ves o mármol e a rocha
do amor, a leital illa do eterno enlenteándose.
Ves o letal destino da cinsa encadeada.

... somentes o corpo o que nos queda ó fondo
apretado na axila que o libera inmorrente.
... a flor das soedades o aire que nos xungue
e os nomes polo infindo flotando xenerosos.

Somos raíz e sangue asíndonos libérrimos
ós soledosos ríos das marxes ignoradas.

A palabra crucial, esa que ti acendias,
vive, pervaga, tórnase en ardentías, treme,
é surtidor de voces –de voces e preguntas–,
cachón de pranto e loito fervendo soterrados,
soletrando as arelas e as lenes teimosías.

Eres aguia de luz, eres o río impervio
en ancoros detido acumulando a tenra
saiva, o pole da terra, lentura lembradoira.

Vives. Estás aínda. Vas connosco da man
baixo os azuis ceos do teu sino calado.
Vas só coa cinsa fría nese acadado Norte
afincado en lonxanas e quedas moradías.

De Desmemoriado río

O tempo e as espadas

(Lembranza de Eduardo Blanco-Amor)

BUSCABAS unha lámpada. Louvadíos luceiros.
Mares redondos. Peitos de illas engadadas.
As abellas e alaudas axexáronche auroras
cando amenceron días tenros dentro de ti.

Ti, a quen cantaba todo gaias cantigas celmes.
Por quen ondas e espellos finxian lúas borrándose.
Amarantos despertos e vixiantes mármoreos.

Cando as pontes se abrían pasaban en galope
cabalos de brancura, corzos indomeñados
Os do amor e da cinsa, do esquecer e os regresos.
Das lumieiras da carne. Fronteiras delicadas.
Dos soños en vixilia que adondados che arderon.

Pero un día estalaron xelos de vida ou morte.
Duplicidade simple a confundirte puñan
arelas para a dor abrente dos teus ollos.

Dentro de ti bradaron as raíces, os bosques.
As nebras e os rocíos molláronte en saudades
abrasándote o sangue arredíos, escuros.

O costume da orixe chorou polos teus cámaras
e o viño mergurado da anguria, dos debezos
apagou canturías por valos e cidades.

Exilios e feridas acoráronche os rumbos
nas gumes afiadas do Tempo, das Espadas.

De Desmemoriado río

Herdade do tempo

A Alvaro Gil

Non sei si ouvo algunha vegada sombras de cibdades
navegando no fondo das lagoeirias,
ou si soio eran labercas ou milpéndolas
as que asolagaban os solpores nos albres.
Pero a inquedanza nace desa herdade do tempo sin
tempo,
ao pe dos regatos e a sinxeleza dos paxaros,
na ribeira lonxana que separa as orelas distantes,
ou nos mastros outos, nos cantiles ou nas estrelas.
Por istes camiños pasaron os antergos homes da Patria,
e os que os cruzaron soñaron con lares quentes e
doces,
e doncelas vírxes de faces amadas.
A choiva e o sol lavaron as enlixadas ponlas dos
séculos,
a lolta e a tristura tramaron coma froito na vella
herdade,
denantes, agora, no mañán próximo. A nostalxia
nacéu cecáis coa aurora do mundo, coa verba,
cando o sopro de Deus alentou no peito de Adán.

Non sei se foi nesta pedriña con segredos de eternidades,
ou no terrible siño dos homes apuñalando as rosas,
onde nacéu iste serrado coitelo da morriña.

Non sei de qué rios se amamanta,
por qué comarcas se espaia,
qué corazóns ou violíns ou pombas sementa,
qué gorxa canta o canto máxico da melancolía
nas iluminadas catedrales dos boscos.

Sei sementes que sobre de mín
pesa esta herdade fonda de tristura,
da saudade espesa que trema co latexo do mundo.
E os meus brazos ábrense en cruz abranguendo os días,
o ceo levián, a paisaxe, a herbiña tenra, miuda,
o caramuxo, a formiga, a margarida do monte.

Todo me chama con torrenteiras de sangue e de sono,
nas cousas amigos, nas xentes, nas roitas, nos
horizontes.

De A saudade i outros poemas

Música

Teño ladas canciós,
e léne música en salaio... Levo
asubiares de malvises montesíos
nos beizos tenros
de zume azul, de luz de meiodía,
e unha celme colmea soterrada no peíto...

Violís e páxaros
cantarolan nos meus abidueiros
c-un estroncio multiforme,
lizgaios e pequenos.

Todo é música inxel en rechouchio...
Levo nas veas xílgaros e meíros,
e a coudal moitedume das eólicas arpas
gurgúllanme na sangue seu cósmico segredo.

Hai melódicos aíes axexando nas ponlas
coma arcanxos bulindo, de leviáns sóns ou rezos...

Unha pomba galáxica sobre de min se abate,
afúndeme en armónecas que me ceiban no vento:
son panel arrolante e fol mollado en lúas,
e alalá da saudade, vibrante ciene céltigo...

De Náufragos da elexía

Esta afogante argola

Ninguén chega a rachar o pulo que nos sitia.
Esta argola de ferro. Esta abafante pouta,
do veludo da noite. Desa nebra que enfría.
Da tristeza sen bágoas. Ise cingulo denso.

Ninguén acude xa ós xardíns engadantes
afiando o callado estambre das lembranzas.
Están as hedras mestas. As cimas calcinadas
do páxaro cantor pola árbore sen ramas.

Ninguén estala ise “ai” de queixa polo vento
navegante de nubes. De luces apagadas.
E o loureiro e o sándalo do soño se perfilan
asallando entre as follas e as cinsas, as pegadas.

De Náufragos da elexía

Canseira

Gando chegas ti,
na hora adiantada da miña canseira,
entreabrindo a porta da mocidade miña,
asexando soños, luíndo
o meu nostáxico mundo de magoados cercos.
Ti, pra quen a vida non garda sorpresas,
que traes na man o doce agarimo que alenta,
a verba amable que albendra,
o bálsamo que pecha as chagas doridas.
Cando chegas ti, o mundo axiganta formas, distanciamentos,
e tódalas rosas da tarde deixan caer sobre min
cálices arrecendentes, inundándome.
Ven. Déixame a túa presenza tan perto xa,
que non poida tornar .a perderte na escura noite da inexistencia.
Ven, que os sorrisos e o labio afundan o seu celme,
e a ledicia faga nacer nos meus ollos paradisos fermosos,
benzoadas colinas, cinguidas dunha aurora recente,
camiños chairos onde unha doce xesta brilla quente.
Ven ti, que o meu sangue brinca preciso, arelante,
e non hai fontes que embalen os ríos de turbias escumas.
E se somos mares de ondas docísimas, morrentes,
ou silandeiras xebras merguradas que a auga bota sobre a area
ven, que o destino dobra as súas badeladas precisas, breves,
no imperio das horas que estreitamente nos enlean.

De Náufragos da elexía

Man que escribiu no mar

I

Nacendo estou na flor da mar. Nacendo
criatura do amor que doe e crea.

Resucitei nas marexadas. Subo
entre escadas descuma e verdes ondas,
doces sosegos. Brisas relentadas.

Fronte a este infindo pulo este latexo
ilimitado devorando rochas,
clamando por espacios, movedío.

Olo a terra ardentíza. A matria austera
soñando cunhas agras serenísimas,
con inmóviles barcos e ronseles.
Con celmosas mareas e maliaxes.

Cambeante eternidade que me tunde,
doime o misterio. Os mundos me limitan.
Pero amo estas salgadas, duras ondas.
Este deserto azul. A area pálida...
A dor do amor. Do mar. Todo a conterme.

De Náufragos da elexía

Aleluias de amor a Galicia

¡Ai, as garnidas estrelas saudosas,
da flor da chuvia, das temperás rosas!

¡Ai, os albeiros matos aluados, dólmenes lanzais, troveiros calados!

¡Ai, os montesíos cómaros do sol, castros verdegantes da terra de mol!

¡Ai, o mel dos beixos maznidos de amor, e a lene cantiga do inxel reiseñor!

¡Ai, os silveirais e antergos piñeiros,
e os fortes carballos dos altos outeiros!

¡Ai, a garimosa halada lixeira, muiñeira dos anxos, repenicadeira!

¡Ai, a benzoada rota sen orela,
lirio de albo leite da gran Compostela!

¡Ai, os solagantes camiños do mar, e a céltiga estrela do Alén, a brillar!

¡Ai, o celta berro baril e triunfante que agrúa nos montes, forte e arelante!

¡Ai, a madurada froita da ledicia, zugada saudade, panal de Galicia!

¡Ai, vieiros frocidos do nativo chán, curutos de toxos, solar do Breogán!

¡Ai, o esgrevio canto, ronsel da armonía,
corazón galego, alma Rosalía...!

¡Ai, a pomba leda da terra de Deus,
mollándome os ollos con bágoas de adeus...!

De Náufragos da elexía

Noite

GAÍUME SOBRE os ollos a pecha voz da noite,
funme camiñando... Topéi mundos estranos
onde Deus era néboa, nome non escoitado,
terra onde non chegaban as augas. Sombras soio.

Maus como azas ían a voar polo escuro,
comidas pola ausencia da luz. Pola imprevista
hora de cote triste no espírito pendurada.

Loceiros, mortas lúas, ronseles de lonxanos
horizontes non vistos caíanme nas pálpebras,
unha soidá sin trégoas afogaba os camiños
—ouh, corazón da noite!—, latexándome dentro.

¡Qué mundos de distancias cegos de luz, repechos
de dedos apertados aos sendeiros anónimos
das cidades vacías de noitámbulos ventos!

Nada. Perdido o tempo nun largacío outono,
espida a barca louca do mencer. Desfollado
nunha lufada amarga o efímero deseio...

Nada. Lembranzas solo, espallando pequenas
margaridas sin cheiro na indelével saudade
do laberinto canso... ¡E voltéime sumisa,
recobrando o silencio onde ficara a vida,
tan de lonxe, topándome, arela, áxil, perdida
na pecha noite, soia a néboa de Deus!

De Náufragos da elexía

O frade era galego. Escolma

No convento antigo daba o sol de cheo cando o frade novo chegou, apoucado por a calor, encortido e suoroso. Recurvábaselle o lombo baixo o peso do fato que non quixo darlle a naide, senón rubilo il por o camiño aquel que somentes de cabras semellaba. Como un sacrificio a que se obrigase no seu interior por aquilo que tantas veces caíra baixo a pesadume da Cruz, redenzón dos pecadores e aldraxes da contorbada humanidade.

Os ollos baixos, a face cerril, esvaída nos imos pensamentos, non tivo siquera un ollar para paisaxe que se espaiaba lonxe, alá no fondo da estación, entre os outeiros e sotos de castiñeiros, cheos de recendentes candeas e follaxe, en aquel mes de outono grorioso de beleza, con rechouchíos de paxaros e cheiros de resiña, de froliciñas que o adro namoriscado amostraba.

Chegou ao convento. Atopando aberta a porta da irexa, entrou a por ela sen apousar siquera o fato, e foise dereito ao altar do Crucificado que naquela sombra os seus deslumeados ollos lle finxía querer saírse da Cruz e arrincar dos cravos as tradeadas maus. Caíu de xoennllos e deu coa testa na pedra fría, como un condenado que arredase misericordia, entrou na santa Casa.

Non quixo falar con ningún dos frades que atopou por as ringleiras de pasigos, e diulles o saúdo nunha homildosa incrinación e cabeza, turrando para adiante até chegar á cela do Pai Superior. Aló estivo tamén moito tempo. Falaron baixiño coma en confesa, e cando saiu de alí parecía coma se un peso terríbel lle houberse sacodido a alma.

Pasaron días, e nadie sabía de onde o frade podía vir. Os outros, díronse a cavilar e a marmular entre iles de aquilo silencio que non adiviñaban se era mudés ou soberbia non vencida. O frade calaba sempre. Ao pasar por unda eles, incrinaba os pálpebros e a cachola, pro os labres seguían pechados e non deixaban fuxir verba algunha.

Era o primeiro nas vixilias e a disciplina. Cecais non durmía nin tres horas na noite, e falábase na Comunidade que nin siquera se deitaba no duro leito, de ferro, senón que durmía sobre do chao, na pedra fría e irta, sin pallas nin manta para se cubrir. Cando os outros baixaban para irexa, ao mencer, atopábano alí debruzado xunto do altar da Cruz, de xoennllos sobre as escadas do altar. Ningún sabía até que horas da noite ficaba alí, ouvindo o berrar das curuxas arredor dos muros, sen parar mentes nelas nin nos morcegos que entraban por as xanelas da torre batendo as negras alas por a escuridade da irexa somida en fondo silencio.

Día tras día afixéronse á presenza do frade mudo, e xa ninguén se estrañaba ao velo camiñar como unha sombra por os pasigos, por as claustras quedas, por as hortas e vieiros de arredor, co seu libro de oraciós na mau e os ollos esvaídos en lonxanas visións ou imos enlevos. E pasaron cecais meses; chegou outra primavera e outro outono, e aínda non sabían quen era nin de onde viña. Marmulábase que se viña do estranxeiro, e co descoñecemento da fala e non querendo botar mau do latín para conversa vulgar e cotidián, pechábase naquíl misterio. Outros coidaban que algunha promesa ou bodo o ligaban a non falar endexamais.

Pero unha noite, achándose todos no refeutorio do Convento á hora de cear, repararon no frade que faltaba na mesa. O Pai Superior enviou a un lego que fose a ollar a cela, non fora a atoparse malo. O lego tornou coa noticia de que na cela non se achaba tampouco. Seguiron ceando sin agardalo, e irían por o medio, cando o frade chegou cuase correndo, perdida aquela gravedume e compostura que o caracterizaba. Traguía as meixelas roxas e os ollos reluscando coma si estivese tolo ou acabase de ver ao demo nalgún recanto que o fixera fuxir a présa. Entrou no refeutorio, e sen baixar os pálpebros nin a testa, como sempre facía, púxose a berrar, turrando dos frades, que ollaban arrepiados:

—Olla, meus irmaus, ¡Lume! ¡Arde o convento, meus irmaus! ¡Correde acolá, que hai lume na casa!

Correron os frades e viron coma, nun anco, unda o sobrado, rubían labaradas longas que ameazaban adiantarse e inzar toda a casa, até a irexa. Tocouse a rebato, e do pobo, perto de alí chegaron os aldeanos con caldeiros de auga, froumas verdes de carballos e piñeiros, forçadas, paus...

Poideron apagar o lume e todo tornou ao seu morno discurrir.

O frade tornou a non falar, e os compañeiros a deixar de cavilar sobre do seu silencio. Unha cousa ficaba para iles fóra de toda dúbida, dende a noite aquela:

—O frade era galego.

De O frade era galego e outros relatos

Dora Vázquez

¿Foi verdade...?

¿Foi verdade,
que xuntas estivemos
nos currunchos do lar?

¿Foi verdade,
ou foi soño,
que voltaches,
que te vin e faléi?

Foi verdade,
que te viron os meus ollos,
e foi, que puxándoches as arelas,
arreatáronte outra vez
os remuíños das lonxanías?

Foi verdade,
¿ou soñeino unha noite
no encantamento da lúa?

De Irmá

Gracias, Señor

¡Gracias!, que me tendiche-la vida
a unha nova mañá,
arrincándome á escuridade da noite
e abríndome a ollada cara o día.

Gracias... Porque sinto alertas os sentidos
e volvo a contemplar de novo
o sol que nace, pola túa gracia.

Escoito, en torno meu xirando,
os aros cá súa rolda pola vida.
Voces e voos que coma min amencen,
estrean o dourado corazón da alba,
mentres vai dispersando a brisa
entre das frores, os eternos perfumes.

¡Gracias, Señor! Non está o fio
tronzado e na madeixa sigo.
Aínda a Vida me reclama e me convoca
a viaxar pola senda, miña amiga.

Gracias... Porque estou
neste Val habitando, ¡aínda viva!

De Madeixas debandando

Eu agardo

Eu, agardo. Sempre agardo...

Agardo un paxaro que no bico dos soños
traia celeste rosa
que me sorprenda co arrecendo;

que unha árbore incline para min a súa gracia,
e luminosa póla
me alumee a testa;

que nube pasaxeira de louridas azas
me ceibe, –beiramar do ceo–
unha pinga de orballo;
que me traia o vento
polos anxos da tarde, pavesas dunha doce
cantiga
enledizada.

Eu, agardo... Agardo a florecer
da estrela sensitiva, bágoa de luz.
Agardo a súa raiola, alumando mansíós.

Eu, agardo... ¡Sempre agardo!

De Madeixas debandando

III

Ignorante son e ben que xa o sei:
“Sei que non sei nada...”

Nen nada eu non son
máis que pobre e parva.
Se a vida ensinoume,
aprender non souben
canto me ensinara

Preguntas facía, respostas buscando
a tantos misterios que ó redor achaba:
¿Que quer dicir iso? ¿Aquelos que era?
¿Por que o monte é verde e azul o ceo?
¿Por que é así isto? ¿Aquelos onde estaba?
¿Por que quenta o sol e a estrela loce?
¿Por que o mar é fondo e brúa a marea?

¿Para que nacemos? ¿Morremos, por que?
¿Por que o día é claro e a lúa espella?
Preguntas... Preguntas... Preguntas...
A nena que eu era sempre preguntaba
As veces, respostas... ás veces ¡nen nada!

De Pasatempo ferido de versos

XXIII

Repásome a vida.
Encontro que ben, pese ás dores,
soave me foi. Non hai moita queixa.

¿Que tiven peniñas traballos angurias?
¿E quen non os tivo e quen non os tén?
¿Que fallaron soños,
Ilusións, desexos...?
Souben conformarme se alleos me foron

Lanceime a soñar xogando cas letras,
abrindo camiño para a fantasía.
Quixen deixar algo, cecais nome,
lembranza poema. Contos e historias
que xa se perderon
¡soños chamuscados durmindo no feno!

E síntome cansa, abatida.
Anclada na alma a soidade, a ferida,
faltándome o alento. A vella ilusión
que mantiven viva ó longo dos anos,
fóiseme morrendo.

Tecer ben non souben
nos fíos da vida.

De Pasatempo ferido de versos

Cando amence

Todo sucede nesa hora pálida que sente o poeta:

«Las estrellas, cual sueños, se borran...
Solo brilla, magnífica, una; es el astro del alba.
La luna, ya descende, durmiéndose, al mar...»

Achégase, blandamente, a alba. Treme o crepúsculo, alzando con lentitude as pálpebras na sombra. Os paxaros avizorantes, velan... Lonxano, polas copas mouras dos piñeiros, restalla seco o grallar dos corvos. Máis próximo, o frautín de prata dun merlo entona, melancólico, unha canción con matices de orballo. E como en Primaveira, cando un rechouchío salta, outro responde, sona idéntica melodía nun loureiro próximo.

O espírito, tamén alerta, preso ó velo a alba, voa. Evoca amenceres lonxanos na cidade natal. Falan dun fogar, –canción de berce–, situado na altura. No seu fronte, ó fondo, fundido no seu leito, Ourense estírase lánguidamente. Véxoo, como antaño, recostado contra o outeiro verde e piñeiroso de Montealegre, na amencida calmosa dos seus días claros. No cume, na mesma cima, álzase, entre grosos penedos unha branca cruz. Ó par da loma, unha acrópolis; resalta lenemente a craridade do cemiterio, que a alba alumea. Descendendo, na cidade, rúas e prazas parecen aínda agrisadas, inconscientes, dormidas. Apenas si o ruído dun motor ou un escape interrompe o silencio.

A luz avanza. Clarexando, destácase a Alameda, branca e verde, cos seus bancos solitarios. Máis alá, o xardín, O Posío, enverxado, repousando na súa área, dormitando no bosque, cerrado de acacias. Un motor trepita pola Ponte da Burga. Baixo éste, por entre xardinciños e parterres, comezan a evolucionar figuras ata a Praza de Abastos... Liñas de carreteiras branquexan polas beiras, cruzándose os vales. Polo oeste, o trazo pizarroso do Miño, descorre sinuoso. Sobre el, vibra, rápido, o estridente pitido dun mercancias.

Polo oriente, sobre as lomas, asoma un doce rumor. Soan as campás, as da Catedral, que ergue as súas torres por en medio das manchas de tellados e fachadas. Cantan a “Prima”, animosas, vibrantes, sonoras, enchendo de ecos o amanecer, sacudindo o cendal pálido, transparente, que se cingue sobre o centro da cidade. Máis lonxe, logo máis preto, soan outras. Contentamento do espacio. Espertar alegre da voz dos bronce.

Entón, mil ecos de vida irrompen no ambiente. Un rumor elévase, paseniñamente, como unha pequena marea. Ourense esperta do seu letargo. Álzase, axítase, móvese...

É agora ese momento no que o ceo, vivo roibén desprega por completo as súas galas luminosas. Unha luz estrana viste de fermosura a capital, danza nas torres e descansa nos tellados, na pedra gris das prazas e na área dos xardíns; deslízase polos vales, de curvas sen presa; polas viñas verdecidas... Unha luz sorprendente, clara e poética, ruborosa e amable. É este instante glorioso que o poeta canta, como remate do seu admirable poema:

«El oriente se incendia en colores,
los colores en vivida lumbre,
y por cima del áspera cumbre,
sale el disco, inflamado, del sol...»

De Se digo Ourense

*O impulso das vagas auras,
pol-a agreste soedade,
pensativa carniñaba...*

E. Pondal

Moncho erguéu os ollos do traballo. Tiróu coa mazaroca que tiña na man, e sacando o macillo, acendéu un pitillo con aquil chisqueiro que mercara cando encomenzara a fumar.

Certo que á súa madrastra non lle gustaba nin ren que fumara, porque eran car-
tos que se restaban ao xornal cotidián que ganaba. Pero, un home, tiña que facer algo...

De pequeno, sempre desexara chegar pronto a home. Cando eu sexa grande! —decía aos seus compañeiros de xogo—. E máis adiante, presomindo de decir palabrotas, manifestaba:

—Agora xa vou sendo home, que xa sei decir pecados, e xurar...

Efeitivamente, xuraba. Máis da conta, cecáis...

E agora que era home, relembraaba os seus anos de neno coa súa nai á beira, tan garimosa e boa con él.

Criárao con todo o agarimo de que se podía ser capaz nunha casa de probes. Aos dez anos perdéera, e aínda non se acostumara a súa falla, cando o seu pai lle presentara á “tía”.

Diante díl xurdiron, evocantes, os ollos fríos e o carácter aspro daquela muller. ¿Qué habería atopado nela seu pai? Era unha cara francamente desagradábel...

Por respecto a íl percuraba tratala de cote ben, a pesar da fonda hostilidade que con él amostraba. Mais Moncho era amábel con ela e compracente, e gracias a eso, podían seguir vivindo en paz na casa de seu pai, aquela casa de paredes vellas i escuras, e de bans tan pequenos...

Moncho sacodíu os dedos que o cigarro queimaba. Levóuno de novo á boca, e díulle unha longa chupetada, mirando ao seu redor.

Estaba un día manífico. Os seus ollos podían abarcar dende a outura toda a paisaxe que o ceo crareaba de sol.

En semicírculo, os piñeirales de escuro verde. No centro, a mas bandas da estrada, leiras e agros; entre iles os lugares, destacándose coas súas casiñas, cabaceiros e torres de eirexas.

Enfrente díl, máis embaixo, hasta a confinidade, estaba o mar. A súa hume-

dade resiaba os campos e as cousas dando lugar a fertilidade tan coñecida da terra de Bergantiños.

Na leira onde se atopaba, criados e xornaleiros sacaban as mazarocas das canivelas do millo xa maturecido. Era a recollida da colleita do seu padriño. Gran parte de aquelas leiras, agros e piñeirales que o arrodeaban, eran da súa propiedade.

Moncho non tiña ganas de parolar con ninguén aquela mañán. Había moitos días en que ún se sentía de mal humor sin saber a causa...

O ventiño do mar refrescáballe a cara moza. Aquil mar que, lonxe fronte ao lugar, estendíase azul coma o mesmo ceo. Dende alí ollábao manselo, baténdose apenas aquil día contra os penedales da praia.

Pero, él ben sabía que, ás vegadas, podía encrisparse e bruar; e entón, na noite, no medio do silencio, botaba ruxidos aterrecedores.

De Bergantiñá

Dúas figuras

*“Na luz dos teus ollos
puxen eu canto era meu”*

M. Murguía

A súa figura é garbosa, de modesto porte, pero interesante e con engado. No seu mate semblante fan sombra a ternura e a melancolía. Acláranos as meniñas lumiosas e soñadoiras e o semisorriso que vaga sensitivo. Uns rulos castaños, rebeldes, que semellan agardar o soplo da frente. E o seu espírito... Como muller fidalga, e muller que leva dentro o manantío dun canto de eternidade, ¿non había de ser escollido, elevado, profundamente humán, afable, doce para o triste, misericorde para o desventurado, forte contra a opresión e enérxico contra a inxusticia?

Esta semblanza feminina ten un nome, expresivo e soave a un tempo. Nome de honor dun pobo, que traspasa fronteiras dende a verdegante e fermosa Galicia: ¡Rosalía!

Acaba de chegar coa súa nai a Madrid. É no abril do ano 1856. Lonxe quedaron as rúas santiaguesas coa xoia catedralicia. Diante de Pórtico da Gloria extasiaríase para pensar:

*“Santos e apóstolos, ¡védeos!, parece
que os labios moven, que falan quedo
os uns c’os outros, e aló na altura
do ceo a música vai dar comezo”...*

Lonxe, tamén, o val padronés coas súas veigas floridas e os pinos cheirosos. Lonxe a vedraña casa solarenga da nenez. E a mar, que na hora suprema pregaría contemplar antes de pechar os ollos para sempre. Lonxe, a terra pola que un día, andando o tempo, suspiraría saudosamente:

*“¡Ai, con que aprisa voara
toliña de tan contenta
para cantar a alborada
nos campos da miña terra!”*

Coa súa xuventude, non pode polo de agora presentir a morriña intensa que oprimirá máis adiante o seu corazón apaixonado, dando orixe a cantos de inmortalidade. Case non ten dezaioito ou dezanove anos, e anque ten unha serie de dificultades de orde material, ¿que sinsabores poden aprisoar a este espírito, madurado xa de intelixente reflexión, e que leva na súa entraña unha profunda voz poética? Por ela se libera, alonxando os crevadeiros, viaxando o seu mundo de evasión. Escribe, canta, —¿como non si é xoven e agarda?— o Amor.

Rosalía lé as súas composicións na tertulia literaria que se xunta na sala aco-lladora da súa parenta. Alí está tamén o xoven xornalista e escritor, futuro historiador de Galicia, Manuel Murguía. Cecais coñecera a xentil poetisa das súas estancias na cidade compostelán. Quizais escribira para ela aquel delicado madrigal:

“Cando no pórtico da igrexa vexo pasar a que eu amo eu quixera dicirlle:

—Quen fora a auga en que mollas os teus dedos, quen o mármore que bicas antes de encomenzar a túa oración.

Mais cando ergue os ollos... ¡Ai!, eu quixera ser o doce raio que fire as súas meniñas”

Murguía escoita con visible interese os poemas que irían enfeitando a primicia da obra rosalián “La Flor”, que o escritor comentaría nun artigo cheo de ánimo e simpatía pola autora. El tamén sente no peito a chama divina da poesía. Descubre na xoven Rosalía un “talento oculto”, e sítense conmovido polas “fermosas poesías”. ¡Qué loubor para esta muller, que baixo o peso de cansancios físicos e morais “colle a súa lira, a lira do corazón, espontánea, franca, rica de imáxenes, e canta en versos non soamente doados e galáns, senón moitas veces en versos que non desdeñaría o millor dos nosos poetas”! ¡Qué alentados, na pluma do literato coruñés para este corazón feminino, “corazón de poeta”, dun poeta “que sente como poucos”!...

O home entrou no tesouro lírico que contén a muller que lle interesa, e presente, coa luz do amor, a forza extraordinaria da súa inspiración, o seu futuro inmortal; “¿Qué diredes senón que con tal maneira, sin pretensións e cecais sen estudos, fala a doce linguaxe da poesía, naceu para ser algo máis que unha muller, cecais pra donar un nome honroso á súa patria?” O tenro sentimento fai-no ser vidente. ¿Non columbrará na sombra gris do tempo, os —informes e sin xestación aínda— tíduos de *Cantares Gallegos*, *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*?

¿Qué sentirá a nosa Cantora coa lectura da calurosísima glosa ó seu primeiro libro? As mestas pestañas treman húmidas e encéndense os finos dedos que sosteñen “La Iberia”. Tamén ela admira e sente inexplicable atracción polo home

que daba honor e gloria ó seu país. A súa alma é apaixonada, chea de gratitude e de ilusión, pesia a que no seu fondo teña asento cediño, unha malencolía do sensible corazón, que logo será a súa dor:

“O meu mal i o meu sufrir
é meu propio corazón
quitaimo sin compasión,
dimpóis ¡faceime vivir!”

Outono madrileño do ano 1858... Día de casamento literario. Dúas xovens figuras galegas de escollido corte, xunguiron os seus destinos nun modesto templo. Pola súa vida de maridanza pasarían ó longo —escribe Murguía— “breves os días de sol, aladas as ditas, fuxidías as alegrías, só constantes e duradeiros os rigores da fortuna”.

Ó seu paso, irían florecendo en *realidás* os pretéritos agoiros. Xurdirían da lembranza e a tenra saudade *Cantares Gallegos*; do sofrimento da terra e da íntima alma, *Follas Novas*; dos marmulos do río *En las orillas del Sar*. E entre eles, obras en prosa.

Despois, un día, o home tivo que escribir:

“Morta querida, de quen teño aínda nos meus labios os bicos da víspera longos, xuvenís, cheos de piedade e de paixón, ¿cómo non lembrarte a cada hora, a cada instante fuxidío, cómo non decirche:

—Pois é forzoso, ¡vai amada da miña alma!, íspete da túnica e entra pura no coro das inmortais”?...

De Mulleres amadas por grandes homes

Don Rato busca un obreiro

Teatro Infantil Galego pra nenos de cinco a oito anos

Un sólo acto e un só decorado.

PERSONAXES

Serán nenos e nenas os que poden interveñir, ou nenas ou nenos solos. O vestuario será a tono coas sinais que distinguen ó personaxe que representen. Así, a volvoreta terá faldras lixeiras e brancas e azas de cores. A abella serán as faldriñas de cor dourado, coma as aziñas. A ran e a formiga vestirán monos ou chandal, verde o da primeira e negro ou azuado escuro o da formiga, e o mesmo o do melro e o do grilo. O xirasol amostará no busto ou na cabeza pétales amarelentos e o mono será castaño ou verde, e así por este xeito cada personaxe cos atributos que lles correspondan, pois os personaxes poden variarse e aumentarse a gusto do director, O mono do can pode ser branco ou de dous cores, o de Don Rato será gris cinto e o bastonciño branco. Completarase o atuendo con rabos, orellas, antenas, gadoupas, carautas, etc., todo canto contribúa a identificar mellor ó animalíño personificado.

DECORACIÓN

Como a escea terá lugar no campo, o decorado consistirá nunha ex^a tensión verdegante na que se determinarán os puntos onde se situarán os personaxes, menos o Don Rato, que aparecerá despois por Foro 1 ou dereito, e que será por este orden. O can atoparase ó par dunha caseta ou perreira, que estará en primeiro término Foro dereito. Seguiralle a abella, que terá tras dela unhas froes ergueitas saíndo do decorado. Logo irá o grilo, que ten no decorado unhas herbas outas a súa beira. Despois a formiga. A ran irá seguidamente entre xuncos do decorado. Despois o melro que parecerá apoiado nunhas ponlas con follas. A volvoreta terá á súa beira unha frol, e por último o gato quedará ó final da outra banda e terá na man un platillo ou cazola con fondo branco figurando leite, que lamberá mímicamente de cando en cando, relambéndose.

LUZ

Será dourada, coma de sol, ó encomenzar e acción.

REPARTO

Don Rato
Can Pastor
Abella
Grilo
Formiga
Ran
Merlo
Xirasol
Volvoreta
Don Gato

(Si estes personaxes se cambearan por outros, ou se aumentaran, terán que ser cambeados na escea dos diálogos o nome dos oficios que eles dín ter).

ACCIÓN

O erguerse o pano, cada personaxe, menos Don Rato, estará no seu posto facendo as mímicas da súa especialidade: O can moveráse dunha beira á outra da caseta, facendo guau suavemente de tempo en tempo. A abella achegaráselle ás frores que terá detrás indo de unha para a outra co bico. O grilo estregaráselle as mans pola espalda unha contra a outra como si foran aliñas para cantar gri gri gri... A formiga ollará para unhos e para outros alisando as patillas –as mans–. A ran choutará e brincará entre xunco e xunco facendo croac croac. O merlo aceneará co bico para os lados como cantando (si poidera facerse o chilro con magnetofón millor). A volvoreta pousará as antenas que lle sairán do gorro sobre da frol que terá á beira. O xirasol moveráselle paseniño ó seu redor, xirando. O Gato fará que lambe no leite na cazola e que se relambe, saborexando.

SONS

A acción anterior terá como sons os propios destes animais, como queda sinalado, sin moita estridencia. Unha melodía leda e pastoril se axuntará con eles. Ha de dar a sensación de unha escea campesiña, sin faltar o zoar das abellas. Estes efectos poderíanse conseguir bastante ben con grabacións de sons de animais.

Presentado este ambiente, entra en escea Don Rato por Foro dereito. Ven apoiado nun bastón, como de ir de camiño. Da unha volta en redor do escenario, como buscando algo, en pasiños de ballet, facendo xogos co bastón, e queda parado fronte do can. Para a música e todos os sons, pero non a acción de todos, que seguirán nela de cando en cando hasta que Don Rato lles fale a cada un.

DON RATO (*ó Can*). —¡Ouga...! Chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa, ¿queres ser tí...?

CAN (*negando coa cabeza*). —Eu chámome Pastor, e teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

CAN (*botándose a él e escorrentándoo*). —¡Gardar e gardar, gardar e gardar...!
(*Sons de ladridos*).

DON RATO (*fluxindo*). —¡Non me sirves! ¡Non me sirves...!

Calan os ladridos e soa música leda. Don Rato da ó seu compás outra volta de ballet co bastonciño en xogo e párase fronte da abella. Para a música.

DON RATO. —¡Ouga...! Chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa. ¿Queres ser tí...?

ABELLA (*parándose a escoitar e negando coa cabeza*). —Eu chámome abelliña e teño o meu oficio...

DON RATO. —¿E cá! é...?

ABELLA (*botándose cara él, querendo picoalo coa man, escorrentándoo*). —¡Zugar e zugar, zugar e zugar...! (*Entramentras escorrenta a Don Rato soará zoar de insectos*).

DON RATO (*fluxindo e berrando*). —¡Non me sirves, non me sirves...!

Cala o zoar e soa música movida. Don Rato da a súa volta polo esceario bailando en ballet ou piruetas xeitosas. Deténse diante do grilo, e cala a música.

DON RATO (*ó Grilo*). —¡Ouga!, chámome Don Rato e busco un obreiro para facer a miña casa, ¿queres ser tí...?

GRILO (*esfregando pola espalda as mans ou élitros*) (*Sons de canto de grilo que non impiden escoitar a súa voz*). —Eu chámome Grilo, e teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

GRILO. —¡Cantar e cantar, cantar e cantar...! (*berra máis forte, e Don Rato tápase os ouvidos, fluxindo e berrando*).

DON RATO. —¡Non me sirves, non me sirves...!

Cala o rilar do grilo e volta a música. Don Rato volve a bailar e xogar co bastón polo escenario. Párase diante da formiga e cala a música.

DON RATO (*á Formiga*). —¡Ouga!, chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa. ¿Queres ser tí...?

FORMIGA. —Eu chámome Formiga, e teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

FORMIGA (*abarcando coas mans varias veces*). —¡Xuntar e xuntar, xuntar e xuntar...!

DON RATO (*bulrándose dela*). —¡Xuntar e xuntar e xuntar...! ¡Xuntar e xuntar! (*repite*). (*E berra*): ¡Non me sirves! ¡Non me sirves...!

Soa a música e volve a dar volta Don Rato bailando hasta quedar frente do Xirasol. Cala a música.

DON RATO (*ao Xirasol*). —¡Ouga!, chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa, ¿queres ser tí...?

XIRASOL (*movendo paseniño a cabeza*). —Chámome Xirasol, e teño meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

XIRASOL (*xirando ó redor paseniño sin sair do sitio*). —¡Xirar e xirar, xirar e xirar...!

DON RATO (*repite enxeniado, burlándose*). —¡Xirar e xirar, xirar e xirer! ¡Non me sirves, non me sirves...! (*berrando*).

Música e volta polo escenario de Don Rato. Agora párase onda a Ran. Croan as rans. El escoita, cala a música.

DON RATO (*á Ran*). —¡Ouga! Chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa, ¿queres ser tí...?

RAN (*choutando*). —Eu chámome Ran, e teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

RAN (*dando brincos*). —Brincar e brincar, brincar e brincar.

DON RATO (*ríndose fortemente dela*). —Ja... ja... ja... Non me sirves, non me sirves... (*vaise para onda o merlo*).

Don Rato volta ó son da música e danza pola sala da escea, hasta que se para frente ó merlo. Música de paxaros. Don Rato detense e cala a música.

DON RATO (*ó melro*). —Chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa. ¿Queres ser tí...?

MELRO. —Eu chámome Melro, e teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

MELRO. —¡Tocar e tocar, tocar e tocar! (*Sons de flauta de melro que van en aumento*).

DON RATO (*tapándose as orellas e fuxindo de présa*). —¡Non me sirves, non me sirves...!

Para a flauta e encomenza nova melodía. Don Rato da a súa volta ó compás hasta quedar onda a volvoreta. Cala a música.

DON RATO (*á Volvoreta*). —Chámome Don Rato, e busco un obreiro para facer a miña casa. ¿Queres ser tí...?

VOLVORETA. —Eu chámome Volvoreta, teño o meu oficio.

DON RATO. —¿E cá! é...?

VOLVORETA (*abrindo es áas ou brezos en acción de voar*). —¡Voar e voar, voar e voar...!

DON RATO (*enxeniado*). —¡Non me sirves, non me sirves! (*alónxase a modiño, laiándose da súa mala sorte*): ¡Quén me fará a miña casa! ¡Quén me fará a miña casa...!

A música agrande o volume e Don Rato anímase e volta ó baile en redor xogando co bastón en molinetes. Párase frente ó gato e cala a música.

DON RATO (*ó gato, que lambe na cazola e se relambe*). —¡Ouga! Chámome Don Rato e busco un obreiro para facer a miña casa. ¿Queres ser tí?

GATO (*pousando no chan a cazola e relambéndose ó ver a Don Rato*). —Eu chámome Gato, e teño o meu oficio.

DON RATO (*remelando moito os ollos, ó ver ao Gato e reconocelo*). —¿E cá! é...?

GATO (*mirándoo furente, encolléndose coma para botarse a él*). —¡Cazar e cazar, cazar e cazar...! (*Bota a correr tras dél con xeito de ballet axudado pola música en son de marcha*). (*O Gato sigue repetindo*): ¡cazar e cazar, cazar e cazar!

DON RATO (*fuxindo perseguido polo Gato, berrando tamén a todo berrar*). —¡Non me sirves, non me sirves...!

Don Rato trata de escorrerse dando voltas polo escenario rodeando e cada un dos personaxes en cada volta. Seguindo a mesma marcha rítmica, os personaxes van acompañando asegún se xuntan para protexer a Don Rato do Gato. (Lévanos así hasta o Foro, quedando o Gato arrodeado ‘polos outros personaxes que o pillen e déixano no centro do escenario’). Don Rato desaparece da escea. A música terá agora sons de animais da escea.

Don Gato loita por ceibarse do círculo en que o pecharon. Os personaxes mallan nel e cae ó chan coma desfalecido. (Ha de darse a esta escea unha expresión plástica ordenada e bela de movemento, mímica e ritmo, e os personaxes farán nela ó mallar mistura de sons propios deles coma no empezo.

A luz irá decrecendo. O quedar vencido o Gato todas as figures voltarán ós seus postos e farán a acción do encomenzo. O Gato quedará onde caíra. Os marmulos da acción calarán, substituídos por unha doce melodía. Os personaxes bambearánse arroTados por ele e iránse deixando cair ó chan medio sentados, inclinándose sobre o cóvedo no campo, a cabeza na palma da man, ou na postura que pareza máis a cómoda e bela e chea de plasticidade.

O Gato cambeará de postura, quererá erguerse, pero cairá outra vez e con aspecto cansado durmiráse tamén.

Don Rato entrará sixilosamente entón e apoiado no seu bastonciño irá mirando un a un aos durmidos. O foco, si o hai, seguiráo alumando claramente cada figura que contemple. O fñal, Don Rato quedaráse no posto que tiña antes o Gato, e durmirá tamén na mesma postura dos demais. A música soará docemente como de nanas, e irá caíndo o pano, co derradeiro acorde musical.

As xeografías do poema



Pura Vázquez rodeada da súa familia no Parque do Barbaña.



Pura Vázquez e Mª do Carme Kruckenberg.



Pura Vázquez e Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG, descubrindo o monolito conmemorativo no Parque do Barbaña.



Pura Vázquez perante o poema insculpido na pedra da homenaxe.



Pura Vázquez.



Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG, e Xerardo Méndez, vocal da mesma Asociación, no acto de homenaxe celebrado no Parque do Barbaña.



De esquerda á dereita: Salvador García Bodaño, Bernardino Graña, Gustavo Santiago Valencia e Marica Campo.



De esquerda á dereita: Marcos Valcárcel, Cesáreo Sánchez, Pura Vázquez, José Araujo (Concelleiro de Cultura de Ourense) e Antonio A. Rodríguez Vázquez.



Acto de entrega da “Letra E” a Pura Vázquez, unha peza exclusiva creada polo artista ourensán Ignacio Basallo.



Parte do público asistente ao acto oficial do Concello de Ourense.



Lectura da laudatio a cargo de Marcos Valcárcel.



Acto oficial de entrega da Letra E no Salón de Plenos do Concello de Ourense.



Pura Vázquez.



*Intervención de M^a Xosé Queizán
no Parque do Barbaña.*



*M^a do Carme Kruckenberg e
Yolanda Castaño.*




Luz Pozo Garza e Pura Vázquez.




Avelino Pousa Antelo.



Pura Vázquez.



Antonio A. Rodríguez Vázquez, fillo de Dora.



Gustavo Santiago Valencia.

Índice

As escritoras na súa terra	
Presentación a cargo de Cesáreo Sánchez Iglesias	5
Intervención de Xerardo Méndez	7
Intervención de M ^a Xosé Queizán	9
Intervención de Pura e Dora Vázquez	15
Acta de concesión da XI edición homenaxe “As escritoras na súa terra”	
Discurso de apertura de Cesáreo Sánchez	19
<i>Pura e Dora Vázquez, poesía e sororidade. Laudatio</i> de Marcos Valcárcel ...	23
Resposta á <i>laudatio</i> de Pura e Dora Vázquez	31
Escolma literaria (por Xerardo Méndez)	
Pura Vázquez	
Idade Idoira onte	37
Lúas e solsticios	38
Aldea en paz de praias e gaiotas	39
Virás desde ribeiras de marolas	40
Mentres que sinta a voz. O corazón	41
Luir. Palpar. Tocar a rocha ardente	42
Fonte de vida. Lume que me quentas	43
Corpo de amor	44
O que doe	45
Non teño esquecemento	46
Xa nunca hei de poder orzar as lúas	47
Consérvame, señor, a man que escribe	48
Os pirómanos do monte	49
Un noital pesadelo	50

Solpor no mar	51
Nun lírico estrenar da primavera	52
Nun abrente outonal	53
Ese nome de lume	54
Beizos	55
Desmemoriado río o da memoria	56
Non poido ser perderte	57
O tempo e as espadas	58
Herdade do tempo	59
Música	61
Esta afogante argola	62
Canseira	63
Man que escribiu no mar	64
Aleluias de amor a Galicia	65
Noite	66
O frade era galego	67
Dora Vázquez	
¿Foi verdade...?	71
Gracias, Señor	72
Eu agardo	73
III	74
XXIII	75
Cando amence	76
Moncho...	78
Dúas figuras	80
Don Rato busca un obreiro (Peza teatral)	83
As xeografías do poema (Reportaxe gráfica)	89

